



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 1 de setembro de 2022 (1279/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día un de setembro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Aneiros Pereira únese á sesión en modo online ó atoparse en situación de permiso por paternidad.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(714).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 18 de setembro de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(715).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO ORDINARIO, DO SUBMINISTRO PARA A MODERNIZACIÓN E MELLORA DA DISPOÑIBILIDADE E CAPACIDADE DA INFRAESTRUTURA DE PROCESO DE DATOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9887/113.

Visto o informe xurídico de data 23/08/2022 e o informe de fiscalización do 24/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 23/08/2022, asinado polo técnico responsable de Seguridade Informática, o xefa do Servizo de Admón.

Electrónica, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e o concelleiro-delegado de Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 09/06/2022 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do subministro para a modernización e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 09/06/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 06/07/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 04/07/2022 asinado polo técnico responsable de seguridade informática e polo xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 05/08/2022, asinado polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Memoria económica do contrato de data 05/08/2022, asinada polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.

- Informe da Técnica de administración xeral do de Servizo de Contratación de data 08/08/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 08/08/2022.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).



Concello de Vigo

- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 16/04/2021 e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019, 04/07/2019, 11/07/2019, 05/09/2019 e 18/08/2020 e posteriores modificacións. A concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal mediante resolución de data 07/04/2022 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, tramítase como un contrato de submnistros.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria establécese o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116, 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro para a modernización e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 09/06/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 06/07/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 04/07/2022 asinado polo técnico responsable de seguridade informática e polo xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 05/08/2022, asinado polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Memoria económica do contrato de data 05/08/2022, asinada polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- Informe da Técnica de administración xeral do de Servizo de Contratación de data 08/08/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 08/08/2022.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **604.686,76 €**, que inclúe un I.V.E. de **104.945,64 €**, dende o 1 de setembro de 2022, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

| exercicio | Partida/Proxecto | Concepto | base | ive | total |
|--------------|------------------------|--|---------------------|---------------------|---------------------|
| 2022 | 9207.6260010/ 22920720 | Equipamento servidores para CPD municipal | 396.435,33 € | 83.251,43 € | 479.686,76 € |
| 2022 | 9207.6260001/ 19920701 | Centro procesamento datos CPD, Fase I e II | 103.305,79 € | 21.694,21 € | 125.000,00€ |
| TOTAL | | | 499.741,12 € | 104.945,64 € | 604.686,76 € |



Concello de Vigo

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(716).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN DUN MÁXIMO DE EVENTOS INSTITUCIONAIS ORGANIZADOS POLA ALCALDÍA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18386/101

Visto o informe xurídico de data 23/08/2022 e o informe de fiscalización do 25/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 22/08/2022, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e pola concelelira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 20 de agosto de 2021, adoptou o acordo de adxudicación da contratación do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola alcaldía do Concello de Vigo. Expte. 18386/101 a favor de "SACAFERRO, S.L. (CIF B-27.704.980) por un importe total do contrato de 91.142,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.818,05 euros.

Todo iso, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Segundo.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 15 de setembro de 2022. Na cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano sendo a data de inicio o 16/09/2021 e estando contempladas tres prórrogas de un ano cada unha.

O apartado 4.C das FEC prevé que este contrato poderá ser obxecto de prórroga que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e que o aviso previo á empresa adxudicataria SACAFERRO S.L. se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Terceiro.- Con data 12 de xullo, notificouse a finalización do prazo inicial do contrato previsto para o día 15 de setembro 2022, e solicitouse conformidade para a prórroga do contrato do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola alcaldía do Concello de Vigo. Expte. 18386/101, polo período comprendido entre os días 16 de setembro do 2022 e 15 de setembro de 2023, ambos os dous incluídos.

Cuarto.- Con data 13 de xullo a empresa SACAFERRO, S.L. acepta e da conformidade á prórroga do expediente 18386-101 a través do documento nº 220174827 anexado no trámite 403 do antedito expediente e presentado a través do Rexistro Electrónico Municipal.

Quinto.- A prórroga será acordada polo Órgano de Contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, con anterioridade ao vencemento do prazo de execución, permanecendo inalterables as condicións do contrato.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

Segundo.- O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o periodo de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.

Terceiro.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da F.E.C, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

A empresa foi notificada da finalización do prazo inicial do contrato en data 12 de xullo de 2022, que acepta e dá a súa conformidade coa primeira prórroga por un ano, en data 13 de xullo de 2022 (documento nº 220174827 anexado no trámite 403 do expediente), polo período comprendido entre os días 16 de setembro do 2022 e 15 de setembro de 2023, ambos os dous incluídos.

Cuarto.- Considérase conveniente polos que subscriben, a proposta de prórroga do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola alcaldía do Concello de Vigo. Expte. 18386/101 por un período dun ano, os días 16 de setembro do 2022 e 15 de setembro de 2023, ambos os dous incluídos, toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi satisfactoria e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sexto.- O período da prórroga do contrato comprenderá dende o día 16 de setembro do 2022 ao 15 de setembro de 2023, ambos os dous incluídos.



Concello de Vigo

Sétimo.- O importe da prórroga deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 2021 9120 2279910 (asistencia técnica a proxectos institucionais) por un importe total de 91.142,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.818,05 euros e sendo o cálculo dos importes previstos para os anos 2022 e 2023 os seguintes:

Ano 2022 (período do 16 de setembro ao 31 de decembro): 30.380,70 €.

Ano 2023 (período do 1 de xaneiro ao 15 de setembro): 60.761,40 €.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola alcaldía do Concello de Vigo. Expte. 18386/101 formalizado coa entidade mercantil SACAFERRO, S.L. (CIF B-27.704.980) polo período comprendido entre o día 16 de setembro do 2022 ao 15 de setembro de 2023, ambos os dous incluídos.

Segundo.- Autorizar o gasto estimado do contrato do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola alcaldía do Concello de Vigo. Expte. 18386/101 a favor da entidade mercantil "SACAFERRO, S.L. (CIF B-27.704.980) por un importe total de 91.142,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.818,05 euros e sendo os importes previstos para os anos 2022 e 2023 os seguintes:

Ano 2022:(período do 16 de setembro ao 31 de decembro): 30.380,70 €.

Ano 2023: (período do 1 de xaneiro ao 15 de setembro): 60.761,40 €.

Terceiro.- Adoptado o acordo, deberá de notificarse á empresa "SACAFERRO, S.L. (CIF B-27.704.980) adxudicataria indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(717).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓNS, ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DE PEQUENO FORMATO DENTRO DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS" LOTE 5. EXPTE. 9215/335.

Visto o informe de fiscalización do 29/08/2022, dáse conta proposta da Mesa de Contratación realizada en data 26/08/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) (lote 5)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) (lote 5)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de xuño de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa Vigo en Festas.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 18 de abril de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 25 de maio de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 119.790,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 99.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 “FESTAS DE VIGO” do programa orzamentario de Festas.

A distribución por anualidades (con IVE) é a seguinte:

- 104.604,50 € (87,32 % de 119.790,00 para o ano 2022)



Concello de Vigo

- 15.185,50 € (12,68 % de 119.790,00 para o ano 2023)

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 27 de xullo de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) na seguinte orde descendente:

| LOTE | CLASIFICACIÓN | LICITADOR | Puntuación TOTAL |
|------|---------------|----------------------------|------------------|
| 1 | 1º | KOREMI REHABILITACIÓN, S.L | 70 |
| | 2º | BIGLAB, S.L.U | 54,60 |
| 2 | 1º | KOREMI REHABILITACIÓN, S.L | 70 |
| | 2º | VIGO POR LA DANZA | 44,50 |
| | 3º | BIGLAB, S.L.U | 33 |
| 3 | 1º | KOREMI REHABILITACIÓN, S.L | 70 |
| | 2º | BIGLAB, S.L.U | 33 |
| 4 | 1º | KOREMI REHABILITACIÓN, S.L | 70 |
| | 2º | BARAFUNDA, S.L. | 58,53 |
| 5 | 1º | BARAFUNDA, S.L. | 70,79 |
| | 2º | KOREMI REHABILITACIÓN, S.L | 70 |

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, KOREMI REHABILITACIÓN, S.L (lotes 1, 2, 3 e 4) (B-36898005) e BARAFUNDA, S.L. (lote 5) (B-27756402), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, KOREMI REHABILITACIÓN, S.L (lotes 1, 2, 3 e 4) e BARAFUNDA, S.L. (lote 5), o día 27 de xullo de 2022, que presentan a documentación requirida o 11 e 12 de xullo de 2022, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 19 de agosto de 2022, acordou conceder un prazo de tres días aos dous licitadores para que puidesen emendar a documentación presentada. Este acordo notificouse o 22 de agosto. Dentro do prazo concedido os licitadores presentaron documentación.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de agosto de 2022 revisou a documentación presentada, sendo correcta a documentación presentada por BARAFUNDA, S.L. (lote 5), polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste lote.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar no lote 5, BARAFUNDA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BARAFUNDA, S.L. (lote 5), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 6 e 18 de xullo de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a BARAFUNDA, S.L. (B-27756402) o lote 5 do procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) por un prezo máximo de 26.620,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.620,00 euros, cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios da cláusula 5 do PCAP do 2,51%.



Concello de Vigo

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(718).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL DO RECURSO ESPECIAL PRESENTADO NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS E DE ILUMINACIÓN PÚBLICA VIARIA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 52198/444.

Dáse conta da proposta da xefa do Servizo de Contratación de data 26/08/2022, que di o seguinte:

“Tomar razón da Resolución nº 107/2022 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 84/2022, interposto por JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ. contra os contra os pregos da licitación do mantemento integral dos equipos e instalacións e conservación das instalacións electromecánicas, de iluminación pública viaria e doutras instalacións eléctricas e auxiliares do Concello de Vigo, así como os subministros e actuacións complementarias de reparación e reforma descritas no PPTP, expediente 52198-444. Na mesma o TACGAL destima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Desestimar o recurso interposto por don JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, na súa condición de concelleiro, contra os pregos da licitación do mantemento integral dos equipos e instalacións e conservación das instalacións electromecánicas, de iluminación pública viaria e doutras instalacións eléctricas e auxiliares do Concello de Vigo, así como os subministros e actuacións complementarias de reparación e reforma descritas no PPTP, expediente 52198-444 dese Concello.
2. Levantar a suspensión acordada no seu día.
3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

6(719).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS E DE ILUMINACIÓN PÚBLICA VIARIA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 52198/444.

Visto o informe de fiscalización do 29/08/2022, dáse conta proposta da Mesa de Contratación realizada en data 26/08/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo (52.198-444)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo (52.198-444)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 25 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS E DE ILUMINACIÓN PÚBLICA VIARIA DO CONCELLO DE VIGO.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Industrial e pola Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro enerxético en data 31.03.2022, e os seus Anexos asinados en data 21.04.2022.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 25.04.2022.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “SETE MILLÓNS TRESCENTOS TRINTA E CINCO MIL CATROCENTOS TRINTA TRES MIL EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS” (7.335.433,62 €), IVE engadido, sendo o importe correspondente ao IVE de 1.273.091,78 €.



Concello de Vigo

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1650 2279903 (Contrato mant. iluminación, tuneis, galería), de acordo coas seguintes anualidades:

| | |
|-------|----------------|
| 2022 | 1.276.986,30 € |
| 2023 | 3.002.466,00 € |
| 2024 | 3.055.981,32 € |
| TOTAL | 7.335.433,62 € |

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- Mediante resolución nº 107/2022 do 9 de xuño de 2022 o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia desestimou o recurso especial en materia de contratación interposto por D. José Alfonso Marnotes González, na súa condición de concelleiro, contra os pregos desta licitación.

Terceiro.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de agosto de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión da UTE ORECO BALGON, S.A. - CONSTRUCC. INST. Y TRACCIÓN, S.A. e da UTE TECNOCONTROL SERVICIOS, S.A. - SIEL VIGO, S.L. acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de agosto de 2022, por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I - FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo (52.198-444) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|--|------------------|
| 1 | UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SECE) - ELEUKON GLOBAL, S.L.U. | 91,39 |
| 2 | UTE EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. - MANTEN, S.L. | 90,41 |

| | Licitador | Puntuación total |
|---|--|-------------------------|
| 3 | UTE S.I.M. RUBATEC, S.A. - VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A. | 85,40 |
| 4 | UTE FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U. - FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, S.A.U. | 81,89 |
| 5 | IMESAPI, S.A. | 81,69 |
| 6 | FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. | 77,18 |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SECE) - ELEUKON GLOBAL, S.L.U. (A-08001182), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Cuarto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SECE) - ELEUKON GLOBAL, S.L.U., o día 10 de agosto de 2022, que presenta a documentación requirida o 24 de agosto, dentro do prazo concedido, agás a acreditación da solvencia técnica de ELEUKON GLOBAL, S.L.U. que se presentou o 25 de agosto, unha vez rematado o prazo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de agosto de 2022 admitiu a documentación presentada en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales) e considerouna correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Concello de Vigo

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SECE) - ELEUKON GLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SECE) - ELEUKON GLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 28 de xullo e 4 de agosto de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da resolución da concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), do 10 de agosto de 2022, pola que se exclúe á UTE ORECO BALGON, S.A. - CONSTRUCC. INST. Y TRACCIÓN, S.A. e da UTE TECNOCONTROL SERVICIOS, S.A. - SIEL VIGO, S.L. acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de agosto de 2022, por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I - FEC- do PCAP.*
2. *Adxudicar a UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SECE) (A-08001182) - ELEUKON GLOBAL, S.L.U. (B-27.775.063) o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo (52.198-444) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 6.607.247,91 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.146.712,45 euros, co seguinte detalle:*

| Concepto | Prezo total | Cota IVE |
|-----------------|-----------------------|-----------------------|
| Parte fixa | 5.812.427,09 € | 1.008.768,34 € |
| Parte variable | 794.820,82 € | 137.944,11 € |
| Total | 6.607.247,91 € | 1.146.712,45 € |

b) Oferta como minoración das porcentaxes dos “gastos xerais” e “beneficio industrial” fixados no PPTP de aplicación os prezos unitarios para as actuacións programadas (anexo II do PPTP), os seguinte valores:

- (BGG%): 3% unidades porcentuais para a minoración dos “Gastos Xerais” definido no PPTP de aplicación os prezos unitarios do PPTP.
- (BBI%): 1% unidades porcentuais para a minoración do “Beneficio Industrial” definido no PPTP de aplicación os prezos unitarios do PPTP.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(720).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O “PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS” DO ANO 2022. EXPTE. 263/504.

Dáse conta da referida Resolución do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda de data 18/08/2022, que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolucións de Delegación de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral).

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos, de data 12 de agosto de 2022

RESOLVO:

1.- APROBAR O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS do Municipio de Vigo para o ano **2022** por importe total **13.218.557,74€** dos que **11.918.433,54€** corresponden á cota municipal e **1.300.124,20€** ao recargo provincial, que contén **3.934 inscricións**, segundo relación que comeza por “BUREAU VERITAS INSP. Y TESTING SLU” e remata por “ZINA MOVIL SL”.

2.- Dar conta á XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2. da Ordenanza fiscal xeral.

3.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal



Concello de Vigo

Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao de finalización do período voluntario de pago.

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

8(721).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O “PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES” DO ANO 2022. EXPTE. 48429/512.

Dáse conta da referida Resolución do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda de data 18/08/2022, que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolucións de Delegación de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral).

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos, de data 18 de agosto de 2022

RESOLVO:

1. **APROBAR** O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO ANO 2022 por importe de **70.487.384,80 €** que consta de 206.683 inscricións de **BENS DE NATUREZA URBANA** por importe de **68.208.602,55 €** segundo relación que comeza por -ALONSO COSTAS ENRIQUE e remata por ZUÑIGA VILLAR JOSE ANTONIO, de 738 inscricións de **BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS** por importe de **2.262.813,11 €** segundo relación que comeza por A PEREZ Y CIA SL e remata por XUNTA DE GALICIA" e de 1.017 inscricións de **BENS DE NATUREZA RÚSTICA** por importe de **15.969,14 €** segundo relación que comeza por -VILA SERODIO JOSE e remata por ZUNZUNEGUI PEREZ PEDRO JAVIER.

2. **Dar conta á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral.

3. **Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

9(722).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA “FEDERACIÓN DE PEÑAS RECRETIVAS EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA GASTRONÓMICA DO MEXILLÓN 2022. EXPTE. 9263/335.

Visto o informe xurídico de data 01/07/2022 e o informe de fiscalización do 09/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 01/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Festas e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas resolveu o día 30 de maio de 2022, que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF G-36.704.666), para a realización da “Festa do Mexillón 2022”, o vindeiro 4 de setembro, no Parque de Castrelos (Vigo), dentro da programación “Vigo en Festas 2022”.

A Festa Gastronómica do Mexillón ven organizándose nos últimos anos no Parque de Castrelos con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa o desenvolve a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF G-36.704.666), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar e desenvolver eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en pro do engrandecemento cultural de Vigo.

A Federación de Peñas Recreativas El Olivo está en condicións de organizar a Festa Gastronómica do Mexillón 2022, conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición da Festa do Mexillón se desenvolverá o día 4 de setembro de 2022, coa cocción e degustación do mexillón, pregón e entrega do mexillón de ouro, actuacións e despacho do mexillón.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa “Vigo en Festas” dos últimos anos unha serie de festas de enalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o pobo.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.



Concello de Vigo

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” asinan dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo”. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0005, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros a favor da “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo” para coadxuvar aos gastos de desenvolvemento do programa “Festas de Vigo 2022”

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 9.500,00 euros.

Este convenio, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargárase da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 15.000,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica indicada, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos e editará o material gráfico para a difusión da festa da sardiña.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións



Concello de Vigo

Dunha parte, don PABLO L. ESTÉVEZ RODRÍGUEZ, na súa calidade de CONCELEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros/as de área do Concello de Vigo de data 04/09/2020 e os acordos da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias nos/as concelleiros/as – delegados/as de área aprobados con data do 20/06/2019 e modificacións do 04/07/2019, 11/07/2019, 05/09/2019, 18/08/2020, 05/11/2020 (rectificación de erros do texto consolidado), 23/12/2020 (rectificación de erros do texto)

Doutra, don Camilo Pais Martínez, (DNI 35.995.159-K) como presidente da Federación de Peñas recreativas de Vigo “El Olivo”, CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na rúa Otero Pedraio, nº 5 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 9263/335.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa Gastronómica do Mexillón 2022, que se desenvolverá o día 4 de setembro de 2022, dentro do programa de actividades “**Vigo en Festas 2022**” no Parque de Castrelos. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

II.- O Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver a Festa Gastronómica do Mexillón, cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

III.- A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

IV.- O Concello de Vigo vén organizando o programa de actividades “Vigo en Festas 2022” que se desenvolve nos meses de xuño a setembro na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enxalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural

diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

V.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

VII.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

VIII. O Concello de Vigo no seu vixente presuposto, na aplicación orzamentaria 3380.489.0005, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros, a favor da Federación de Peñas Recreativas El Olivo para o desenvolvemento da Festa do Mexillón 2022.

IX.- A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 9263/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” e, o CONCELLO DE VIGO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da Festa do Mexillón 2022 que terá lugar no Parque de Castrelos o día 4 de setembro de 2022, en particular a:



Concello de Vigo

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste expediente.

6º.-Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa.

8º.- Deixar a zona do Parque de Castrelos que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

9º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo de Seguridade e Mobilidade.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa “Vigo en Festas 2022”.

4º.- Conceder directamente a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, unha subvención por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos euros) co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa do Mexillón 2022.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES87 2080 5082 3630 4000 7433 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.



Concello de Vigo

Oitavo.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO”, está obrigado a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

Noveno.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do mes de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo.- No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.



Concello de Vigo

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo xesto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2022 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- O concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vixésimo.- Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes

bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).



Concello de Vigo

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Participación Cidadá e Festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo terceiro.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

10(723).- CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA CONTRATACIÓN DUN INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS. EXPTE. 10712/320.

Visto o informe de fiscalización do 25/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 22/08/2022, asinado pola xefa de Paticipación Cidadá, o

concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 16/03/2022, D. Antonio Castro Neira (DNI: 3330****), en calidade de presidente da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, con CIF: G-36622835, achegou o escrito doc.: 220055859, que xunto coa achega posterior de data 08/07/2022 doc. 220171300, solicita a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para contribuír aos gastos de financiamento dos gastos derivados da contratación dun intérprete de lingua de signos durante o período comprendido entre o 01/04/2022 ata o 30/09/2022.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Antonio Castro Neira, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 19/07/2022.
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 27/04/2022.
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 19/07/2022.
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 08/07/2022.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

- 1.Solicitud de convenio de colaboración (anexo I).
- 2.Datos do representante legal (anexo II).
- 3.Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
- 4.Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
- 5.Consulta de verificación de datos (anexo V).
- 6.Datos da entidade bancaria (anexo VI).
- 7.Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención e o que se reflicte a seguir:



Concello de Vigo

| CUSTE SALARIAL 2022 INTÉRPRETE LINGUA DE SIGNOS XORNADA A TEMPO PARCIAL (01/04/2022-30/09/22) | |
|--|-------------------|
| Coste ISLE 6 Meses/ 28 horas 45 minutos semanais | |
| Salario 881,08 + SS Empresa 288,55 € | 7.017,78 € |
| TOTAL GASTOS | 7.017,78 € |

| INGRESOS | IMPORTE |
|----------------------------------|-------------------|
| Subvención Concello de Vigo 2022 | 7.000,00 € |
| Propia entidade | 17,78 € |
| TOTAL | 7.017,78 € |

8. Contrato de traballo.

9. Rexistro do contrato de traballo no SEPE.

10. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

11. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a

“Asociación de Personas Sordas de Vigo”, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 266/92, segundo resolución de Alcaldía de data 28/12/92.

V. O vixente exercicio orzamentario (2022) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 22/12/2021, inclúe expresamente a partida 9240 4890008 “Convenio Asociación Persoas Sordas de Vigo”, cunha dotación de 7.000,00 €.

VI. En data 07/07/2022 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

S.ord. 01/09/2022

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 08/07/2022 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é axudar ao financiamento dos gastos derivados da contratación dun especialista intérprete de lingua de signos, a tempo parcial necesarios para a realización diaria de actividades da entidade, durante os meses de abril a setembro de 2022 (01/04/2022 – 30/09/2022), que se consideran de interese público e social.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación Personas Sordas de Vigo”.

Que a entidade “*Asociación de Personas Sordas de Vigo*”, conforme ao establecido no artigo 7 dos seus Estatutos asume a representación e defensa dos intereses das persoas xordas e dos seus familiares no seu ámbito territorial, a cuxo efecto asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Representar ás persoas que a integran, participando nos foros sociais e organismo públicos oportunos.
- Traballar para mellorar a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares nos eidos familiar, infantil, educativo, sanitario, laboral e calquera outro.
- Traballar para acadar un marco legal que permita a plena igualdade e participación social das persoas xordas.
- Traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a Lingua de Signos Española, impulsando a súa investigación e difusión.
- Impulsar o pleno acceso das persoas xordas a todos os niveis do sistema educativo, fomentando o bilingüismo- biculturalismo.
- Promover o acceso á formación e ao emprego das persoas xordas en igualdade de oportunidades que o resto da cidadanía.
- Fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación de barreiras de comunicación.
- Potenciar e dar continuidade aos servizos de intérpretes de Lingua de Signos en todos os ámbitos da vida social, velando pola adecuada formación das persoas intérpretes.
- Sensibilizar á sociedade sobre as necesidades e demandas das persoas xordas e dos seus familiares.



Concello de Vigo

- Fomentar a investigación sobre calquera tema de interese para mellorar a situación social e a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, Pablo Luis Estévez Rodríguez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 17/08/2020).

Doutra parte, asinará o convenio D. Antonio Castro Neira, con DNI 3330*****, en calidade de Presidente da “Asociación Personar Sordas de Vigo” (CIF.- G-36622835), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 10712/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de

Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01 de abril de 2022 e o 30 de setembro de 2022, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2022) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 22/12/2021, inclúe expresamente a partida 9240 4890008 “*Convenio Asociación Personas Sordas de Vigo*”, cunha dotación orzamentaria de 7.000,00 €.



Concello de Vigo

A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola "Asociación *Personas Sordas de Vigo*" no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados

insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en

ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referenciados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/04/2022 e o 30/09/2022, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2022**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.



Concello de Vigo

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar dixitalmente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a

resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado

de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data

18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 7.000,00 € (sete mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890008 denominada “*Convenio Asociación Personas Sordas de Vigo*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2022.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “*Asociación Personas Sordas de Vigo*” (CIF.- G36622835), cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial, durante os meses de abril a setembro de 2022 (01/04/2022 – 30/09/2022) e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONDECER** á referida entidade, unha subvención de 7.000 € (sete mil euros).

TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Participación Cidadá e Festas D. Pablo Luis Estévez Rodríguez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA CONTRATACIÓN DUN INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS

REUNIDOS

Dunha parte, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, Don Antonio Castro Neira (DNI: 3330****), en calidade de presidente da "Asociación de Personas Sordas de Vigo", con CIF: G-36622835, con domicilio social na Rúa Romil, 24 Baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expediente 10712/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto Refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

II- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a "Asociación de Personas Sordas de Vigo" (ASV), atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo có número 266/92.

III.- Que a entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo", conforme ao establecido no artigo 7 dos seus Estatutos asume a representación e defensa dos intereses das persoas xordas e dos seus familiares no seu ámbito territorial, a cuxo efecto asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Representar ás persoas que a integran, participando nos foros sociais e organismo públicos oportunos.
- Traballar para mellorar a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares nos eidos familiar, infantil, educativo, sanitario, laboral e calquera outro.
- Traballar para acadar un marco legal que permita a plena igualdade e participación social das persoas xordas.

- Traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a Lingua de Signos Española, impulsando a súa investigación e difusión.
- Impulsar o pleno acceso das persoas xordas a todos os niveis do sistema educativo, fomentando o bilingüismo- biculturalismo.
- Promover o acceso á formación e ao emprego das persoas xordas en igualdade de oportunidades que o resto da cidadanía.
- Fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación de barreiras de comunicación.
- Potenciar e dar continuidade aos servizos de intérpretes de Lingua de Signos en todos os ámbitos da vida social, velando pola adecuada formación das persoas intérpretes.
- Sensibilizar á sociedade sobre as necesidades e demandas das persoas xordas e dos seus familiares.
- Fomentar a investigación sobre calquera tema de interese para mellorar a situación social e a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares.

IV.- Entre os principios que informan a actuación da ASV, encóntranse ao respecto á pluralidade e diversidade dos seus asociados, a transversalidade nas súas actuacións, a participación igualitaria entre homes e mulleres, ou a autonomía, independencia e protagonismo das persoas xordas. As súas actividades están abertas a calquera beneficiario que reúna as condicións esixidas pola índole dos seus fins.

As accións desenvolvidas pola ASV foron evolucionando dende o obxectivo de crear un “punto de encontro” na cidade, ata o momento actual no que se persegue o logro dunha real e efectiva participación das persoas xordas na sociedade, mellorando a súa calidade de vida e tentando ofrecer cada vez un maior número de actividades e servizos.

V.- Que o Concello de Vigo, é coñecedor das actividades que ven realizando a ASV para atender as necesidades deste colectivo, e en consideración ao seu interese tanto social, público e de promoción dunha finalidade pública, e tendo en conta que a ASV é a principal representante deste colectivo, estímase conveniente a concesión da subvención solicitada co obxectivo de establecer un marco de colaboración entre o servizo de Participación Cidadá e a ASV para aumentar os medios humanos ao servizo deste colectivo, co fin de mellorar, por unha banda, as tarefas de xestión e organización do persoal directivo, laboral ou colaborador da devandita asociación para levar a cabo as actividades programadas no local social, e por outro lado, garantir a cooperación entre estas dúas entidades para que nas súas actividades anuais poidan contar cun profesional intérprete da lingua de signos que facilite a comunicación directa ás persoas con discapacidade auditiva.

VI.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado polo Pleno Xeral, en sesión ordinaria do 22/12/2021, prevé nominativamente, na partida 9240.4890008 “*Convenio Asociación de Xordos*”, a concesión dunha subvención por importe de 7.000,00 € a favor da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”.



Concello de Vigo

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedinte, as partes intervinientes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da súa concesión, cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional

intérprete da lingua de signos a tempo parcial durante os meses de abril a setembro de 2022 (01/04/22- 30/09/22), tanto para mellorar os servizos ofertados no seu local social, como aqueles outros requiridos pola Concellería de Participación Cidadá e Festas, e demais asociacións legalmente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. O custe salarial, segundo memoria achegada pola entidade, é o reflectido a seguir:

| CUSTE SALARIAL 2022 INTÉRPRETE LINGUA DE SIGNOS XORNADA A TEMPO PARCIAL (01/04/22-30/09/22) | |
|--|-------------------|
| Coste ISLE 6 Meses /28 horas 45 minutos semanais | |
| Salario 881,08 + SS Empresa 288,55 | 7.017,78 € |
| TOTAL GASTOS | 7.017,78 € |

VIII.- Que a entidade ASV, non incorre en ningunhas circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

IX.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo" comprométese a colaborar coa Concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo en canto a prestación dos servizos dun intérprete da lingua de signos e, concretamente, a:

1. Contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial durante os meses de abril a setembro de 2022 (01/04/22 - 30/09/22), organizar e planificar o traballo que vai desempeñar.
2. A persoa contratada para a prestación do servizo de intérprete de lingua de signos deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, Seguridade Social e saúde laboral.

3. Encargarse de facer os pagos das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a soldos, seguros, retencións etc., motivadas polas accións emprendidas neste convenio, a tal efecto, a Asociación deberá presentar copias dixitalizadas, asinadas dixitalmente, dos documentos acreditativos da cotización á Seguridade Social e de retención e ingreso a conta do IRPF respecto da persoa dependente da asociación adicado ao cumprimento do obxecto do presente convenio.

4. O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá responsabilidade algunha respecto ao referido persoal.

5. Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse conforme as peticións e planificación anual da "Asociación de Personas Sordas de Vigo". Todas as demandas deberán ser cubertas, na medida do posible, na súa totalidade, en especial, en materia de horarios.

6. Nas conferencias, relatorios ou na organización de eventos en coordinación co servizo de Participación Cidadá, facilitarase o enderezo, o horario e as condicións da sala, a situación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre ás peticións formuladas polo profesional intérprete da lingua de signos, para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe, e ademais facilitarase sempre que foxe posible e, como mínimo, cunha semana de antelación, un resumo ou copia do relatorio a impartir. Comunicarase calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade e, no seu caso, a nova data e horario de celebración.

7. O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, instaurándose a realización de 28 horas 45 minutos semanais, organizándoas dende a "Asociación de Personas Sordas de Vigo" conforme a planificación presentada.

8. O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ambas as partes.

9. O servizo ofrecido polo intérprete será totalmente gratuíto.

10. O custe imputable ao Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Personas Sordas de Vigo" para o ano 2022, será o correspondente ao período de contratación real do/a intérprete da lingua de signos, é dicir, de abril a setembro de 2022 (01/04/22- 30/09/22) e o custe que subvencionará o Concello de Vigo, en ningún caso, superará o importe conveniado de 7.000,00 €.

11. Facilitar a actuación de inspección, control que, en calquera momento, poderán realizar os técnicos do Concello de Vigo, para o seguimento e comprobación do cumprimento do obxecto do convenio, polo que, a entidade estará obrigada a achegar canta información e documentación se lles solicite.

12. Presentar ao Concello, a través do Servizo de Participación Cidadá, no prazo e nos termos sinalados na cláusula décima do presente convenio, a memoria final, sobre o desenvolvemento da actividade e cumprimento do obxecto do convenio, xunto coa



Concello de Vigo

correspondente memoria económica, que incluírá a conta xustificativa de gastos subvencionados e balance anual.

13. Darlle ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, subministrado polo servizo de Participación Cidadá, que se trata dun servizo subvencionado, respectando en todo momento a súa imaxe corporativa.

14. Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.

15. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

16. En xeral, cumprir coas obrigas establecidas para as entidades beneficiarias das subvencións no artigo 14 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).

17. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

–Artellar os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.

–Conceder directamente á entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo” unha subvención por importe de 7.000,00 €, con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890008, denominada “Convenio Asociación Xordos”, co obxecto de axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación, a tempo parcial dun profesional intérprete da lingua de signos, durante os meses de abril a setembro de 2022 (01/04/22 – 30/09/22).

–Respectar a estrutura organizativa da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”.

–Obter e requirir a información necesaria, a fin de determinar o cumprimento por parte da asociación da acción conveniada.

–Determinar, á vista da información e documentación achegada no momento da xustificación, segundo o disposto na cláusula décima, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

Terceiro.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola “Asociación de Personas Sordas de Vigo” no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Cuarto.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra

administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Quinto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo a prestación do servizo obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da

totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula décima deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa "Asociación de Personar Sordas de Vigo".

Sexto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución do servizo que constitúe o obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal do proxecto subvencionado mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo ou informativo que se publique ao respecto. Así mesmo,



Concello de Vigo

colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o ano 2021.

Noveno.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Décimo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique o cumprimento do obxecto do convenio. A xustificación da subvención realizarase pola "Asociación de Personar Sordas de Vigo" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente memoria xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2022**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel, asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse dixitalmente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

a) Solicitude de abono da subvención asinada dixitalmente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas dixitalmente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de prestación do servizo.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada dixitalmente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "X" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das

Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificárase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dunha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se**



Concello de Vigo

subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán documentos xustificativos que correspondan a conceptos non presupostados no proxecto
- as retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Contrato de traballo
- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (RLC) e Relación nominal de traballadores (RNT), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Nóminas correspondente aos meses imputados.
- Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e/ou o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada dixitalmente do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

- Cando se xustifican gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) Fotocopia do contrato de traballo.

i) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

Décimo primeiro.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES05 1491 0001 2921 88400424 (TRIODOS BANK).

Décimo segundo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo terceiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no 2022 no período comprendido entre o 01/04/2022 ao 30/09/2022.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

Décimo cuarto.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo da Concellaría Participación Cidadá e Festas. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



Concello de Vigo

Décimo sexto.- Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 da LXS.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sétimo.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, , Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo oitavo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen

dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura dixital,

11(724).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “MELLORA DO ENTORNO DO CALEXÓN BALADO”. EXPTE. 5360/443.

Visto o informe de fiscalización do 17/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 11/08/2022, asinado pola técnica de xestión, a xefa do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 22 de abril de 2021 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto mellora do entorno do Calexón Balado a favor da empresa Ordenación Territorial, Infraestructuras e Medio Ambiente S.L.

II.- A mercantil Ordenación Territorial, Infraestructuras e Medio Ambiente S.L. presentou borrador de proxecto construtivo de “MELLORA DO ENTORNO DO CALEXÓN BALADO”, redactado polos Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Ignacio Teijeiro Calvo e polo Arquitecto Diego Rivas Pérez.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos en data 20 de decembro de 2021 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, na mesma data, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.



Concello de Vigo

IV.- A actuación se desenrola nun espazo público configurado por tres parcelas que foron obxecto de cesión n.º 415, 414 e 4403, ambas conforman o espazo público “Calexon Balado” -Cesión de uso de superficie CUS79- que dispón de fronte á rúa Rosalia de Castro, e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir:

- Procederáse a retirada do mobiliario existente na rúa, para a continuación a demolición de beirarrúas e retira do bordos existentes, así como a demolición dos pavimentos existentes.
- Unha vez efectuada as demolicións procederáse a efectuar a escavación de gabias para a renovación das redes de abastecemento a base de tubaxe de fundición dúctil Ø 100 m, asentado sobre cama de area, cos seus correspondentes elementos especiais de conexión, rede de rego, coa súa correspondente tubaxe arquetas e elementos electronicode regulación. Tamén se contempla a renovación dos colectores de fecais e pluviais cos Ø de tubaxe de PVC, definidos no proxecto, cos seus correspondentes sumidoiros pozos e arquetas de conexión, así como as conexións coas redes existentes. A continuación procederáse a o recheo das correspondentes gabias a base de material de préstamo seleccionado, estendido e compactado en capas de 20 cm., de espesor con grado de compactación do 95%, para efectuar as canalizacións de redes soterrados de alumeadado público e semaforización, segundo os esquemas do proxecto, así como a renovación das canalizacións soterradas das redes de iluminación, rego, telecomunicacións e reposición do resto de redes de subministro que sexa preceptivo.
- Execución dos correspondentes muros de formigón armado coas correspondentes zapatas de cimentación, na confección das plataformas propostas no proxecto.
- Para unha vez confeccionada a explanada no seu conxunto, procederáse a efectuar a pavimentación, será a base de formigón en masa HM-20 de 10 cmt., de espesor acabado con baldosa de granito de 60x40 e de 6 cmt., de espesor. No espazo destinado a escaleiras propónse como acabado chanzos de granito gris Na zona de acceso de carruaxes plantexase ademais da separación por medio de bordo pavimento asentado sobre cama de morteiro de adoquín de granito, segundo esquema do proxecto.
- Posterior finalización a base de dotación de xardinaría, farois de alumeadado público, elementos de protección, decorativo, mobiliario ,e a sinalización correspondente.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CUATRO) 4 meses.

V.- Consta no expediente administrativo resolución favorable da Consellería de Cultura de data 8 de marzo de 2022, autorizando as obras de mellora do entorno do Calexón Balado, por atoparse as mesmas dentro do ámbito de protección integral do xacemento arqueolóxico de Pontevedra-Areal, catalogado co código GA36057083, condicionada á realización dun control arqueolóxico dos movementos de terra, coas seguintes condicións:

“ (...)

antes do inicio dos traballos, se deberá presentar o correspondente proxecto arqueolóxico asinado

por técnico competente para a súa autorización pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. En función dos resultados da intervención arqueolóxica poderían requirirse actuacións arqueolóxicas complementarias. No caso de que se localizasen restos arqueolóxicos inmoables, merecentes de ser conservados in situ, podería ser necesario facer modificacións no proxecto no que atinxe sobre todo a súa incidencia sobre o subsolo.”

VI.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 9 de maio de 2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca una zona de espacio destinado para uso público con acceso as edificacións lindantes. Dita integración dispón de resolución favorable da Consellería de Cultura de data. 08/03/22, condicionando o mesmo a que antes do inicio das obras, deberá de presentarse o correspondente proxecto arqueolóxico para a súa aprobación pola dirección Xeral de Patrimonio cultural.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

VII.- O ámbito ao que afecta o proxecto de “MELLORA DO ENTORNO DO CALEXÓN BALADO” comprende superficies de titularidade das comunidades de propietarios da rúa Areal nº 62 e da rúa Rosalía de Castro nº 43 P1 e P2, sobre as que o Concello de Vigo é titular dun dereito de uso público de superficie, polo que, con data 08.06.2022, deuse vista do proxecto, por prazo de dez días hábiles, a estas comunidades de propietarios para o seu coñecemento e formulación das observacións que considerasen pertinentes, sen que por estas se formulara obxección algunha, segundo resulta do certificado pola Oficina de Rexistro Xeral, que figura no expediente, no que se indica “Que consultada a aplicación informática de xestión de expedientes e o rexistro electrónico (por palabras e número de expediente), non consta que se presentara, durante o período que vai dende o 8 de xuño ata o 3 de agosto de 2022, ningunha alegación, nin observación, sobre o proxecto de “Mellora do entorno do calexón Balado” Expediente 5360-443”.



Concello de Vigo

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de “**MELLORA DO ENTORNO DO CALEXÓN BALADO**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Ignacio Teijeiro Calvo e polo Arquitecto Diego Rivas Pérez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SEIS MIL DOUSCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS con CORENTA E UN CÉNTIMOS (306.292,41 €), de data Decembro de 2021 e con sinatura dixital de data 05.05.2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(725).- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR U.E. INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA. EXPTE. 16958/411.

Visto o informe complementario de data 11/07/2022, asinado pola xefa de Área de Desenvolvemento Urbanístico e o informe de fiscalización do 14/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 23/06/2022, asinado pola técnica de Planeamento de Desenvolvemento e Xestión, a xefa da Área de Desenvolvemento e polo xerente de Urbanismo e sometido ao Consello de Xerencia de Urbanismo de data 28/06/2022, que di o seguinte:

Examinado o presente expediente promovido pola entidade “Global Fitness Sport, SL”, e á vista da derradeira documentación técnica, inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 08.03.2022, co COD.SOL W667567-3628, actualizada e refundida do “Plan especial de Reforma Interior II-04 Santo André de Comesaña”, que substitúe e anula a anteriormente remitida, e que inclúe a documentación preceptiva en soporte dixital, para a aprobación inicial do dito instrumento de planeamento, procédese a emisión do seguinte **informe con proposta de acordo** para o que resultan relevantes os seguintes,

I.- Antecedentes e Feitos

Con data do 10.11.2015, o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación nº. 1658/2014, pola que se declarou a nulidade do PXOM de 2008, o cal significou a reviviscencia do PXOM de 1993 nomeado de “*Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXO- 88 á Lei 11/1985, de 22 de abril, de Adaptación da do Solo a Galicia*” aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (DOG do 10.05.1993e BOP do 14.07.1993), xunto coas súas modificacións puntuais definitivamente aprobadas.

O citado e vixente PXOU-93, o ámbito de actuación figura como unha Unidade de Execución «*U.E. Industrial II-04 San Andrés de Comesaña*».

A presente proposta de PERI, trae causa da consulta efectuada polo presidente da Xunta de compensación da UE Industrial II-04 San Andrés de Comesaña, e que foi informada favorablemente polo secretario xeral do Pleno, informe incorporado ao expediente electrónico – trámites 28- ao ser dito órgano o competente para ratificar a mesma; Deste xeito, o Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria que tivo lugar en data 05 de setembro de 2018, acordou, *PRIMEIRO “Ratificar a resposta emitida polo secretario xeral do Pleno en data 30.07.2018 relativa á consulta urbanística formulada por “Global Fitness Sport S.L.” en relación á posibilidade de que mediante un Plan Especial de Reforma Interior (PERI), e sen necesidade de acudir á modificación do planeamento xeral (vixente PXOU 1993), sexan alteradas diversas determinacións urbanísticas da UE-II 04 Industrial.*

En cumprimento do dito acordado polo Pleno do Concello de Vigo, procedeuse á incoación do presente procedemento e, solicitouse, en cumprimento do previsto no artigo 162.g)do RLSG, os informes correspondentes, as empresas subministradoras e distribuidoras, - verbo da viabilidade da suficiencia e subministro e infraestruturas do ámbito.

Continuando co procedemento, e trala achega da documentación técnica necesaria, -consistente en Borrador e DAE, procedeuse á súa remisión ao órgano ambiental da Xunta de Galicia; Deste xeito, con data do 26.10.2020, formulouse o informe ambiental estratéxico ao “Plan especial de reforma interior da UE Industrial II-04 Santo André de Comesaña”, no que se resolve non sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria , ao concluír que non ten efectos significativos sobre o medio ambiente, e ao que se xunta os informes



Concello de Vigo

recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o documento, correspondentes aos seguintes organismo: Dirección Xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo, Instituto de Estudos do Territorio, Axencia Galega de Infraestruturas, e Dirección xeral de patrimonio cultural.

Logo da achega de sucesiva documentación técnica, preceptiva para a aprobación inicial do presente instrumento de planeamento, en cumprimento de senllos requirimentos efectuados por esta administración, á vista dos informes técnicos emitidos ás diversas achegas, con data do 08.03.2022 e co COD.SOL W667567-3628, a entidade promotora, insería no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo, documentación refundida relativa ao presente instrumento de planeamento, en soporte dixital, que anula a anteriormente achegada, aos efectos de que se proceda a súa aprobación inicial.

Elevado o expediente a arquitecta xefa da área de desenvolvemento urbanístico, con data do 22.06.2022 emite informe técnico, á vista da derradeira documentación presentada, de carácter favorable, do que reproducimos a continuación o seu contido íntegro, para unha maior comprensión do dito pronunciamiento.

“(.) 1 ANTECEDENTES

O Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Vigo, PXOU-93, foi aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 no expediente nomeado de Subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación do solo a Galicia). A aprobación definitiva de dito PXOU93 foi publicada no DOG nº 87 o día 10.05.1993 e a súa normativa foi publicada no BOP nº 133, o 14 de xullo de 1993. Este planeamento recobrou a súa vixencia tras a Sentencia 4858 2015 do Tribunal Supremo que dictou a nulidade do Plan xeral de ordenación Municipal (PXOM) aprobado definitivamente mediante as Ordes de 16/05/2008 (de forma parcial) e do 13/7/2009 (de forma completa).

Este ámbito estaba remitido na ficha de características a un Estudo de Detalle; en desenvolvemento do ámbito aprobouse un Estudo de Detalle con data 28/12/1996 expte. 3617/411, unha Modificación do Estudo de Detalle con data 26/06/2000 expte. 5593/411, o Proxecto de Compensación con data 11/04/2002 expte. 4139/401 e o correspondente Proxecto de Urbanización expte. 4554/401 por todo isto o PXOM do 2008 suspendido, sinalaba este ámbito como Área de planeamento incorporado API-51 Industrial.

O PXOU-93 é un instrumento de planeamento xeral aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), resultándolle de aplicación o réxime previsto na disposición transitoria primeira, apartado 2, da LSG, e na disposición transitoria segunda, apartado 2, do Regulamento da LSG (RLSG), ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.b) nesta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano non consolidado, polo que nos atopamos nun ámbito de solo urbano non consolidado ao que lle é de aplicación directa o establecido na LSG para esta categoría de solo.

O Peno do Concello de Vigo con data 5/09/2018 expte. 16625/411 ratificou a resposta derivada dunha consulta urbanística presentada pola entidade Global Fitness Sport S.L sobre se a vixente normativa urbanística permite, por medio dun Plan especial de Reforma Interior modificar a ordenación prevista e sexan alteradas diversas determinacións urbanísticas en solo urbano non consolidado, sempre e cando a nova ordenación que se propoña segundo o artigo 65.1 da LSG mellore substancialmente a ordenación urbanística existente e respecte as determinacións do PXOU-93 sinaladas no artigo 52 e no artigo 54.2 da LSG, non impliquen un incremento da superficie edificable total nin a modificación dos usos globais que se establezan no plan xeral.

Na consultaponse de manifesto circunstancias novas que non existían no momento da aprobación do Estudo de Detalle como a modificación do trazado da Circunvalación de Vigo, VG-20, que amplía a superficie expropiada no ámbito, cunha maior afección e unha nova liña de edificación, tamén a aparición de novas afeccións sectoriais trala aprobación do Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa e do Plan de Ordenación do Litoral.

2 OBXECTO DO PERI ACHEGADO.

Con data 14/03/2019 Felipe Martinez Rodriguez en calidade de Presidente da Xunta de Compensación da UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA presentou Documento Ambiental Estratéxico e Borrador do Plan Especial de Reforma Interior, expte. 16958/411.

Municipalmente xa se ten recoñecido a capacidade dos PERIs tanto a establecer como a modificar a ordenación detallada dun ámbito, tanto a Arquitecta Xefa de Planeamento e Xestión no seu informe de data 22/05/2022 reconece a posibilidade, xa esbozada no Apartado III do informe do Secretario con data 30/07/2018 no trámite da consulta urbanística, “o feito de que o vixente PXOU-93 non conteña a ordenación detallada da UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA non impide nin imposibilita a aprobación nese ámbito dun Plan Especial de Reforma Interior.....resulta obvio que se dende un PERI pódese modificar a ordenación existente, tamén un plan especial pode establecer a non existente”

O obxecto do PERI é **modificar/establecer** a ordenación pormenorizada e as determinacións urbanísticas para, por unha parte, detraer do ámbito inicial a parte expropiada de 2320m2 polo Ministerio de Fomento co motivo do proxecto de trazado e construción da Circunvalación de Vigo e ter en conta a afección da zona inundable no límite suroeste e, por outra, desenvolver no ámbito usos industriais e terciarios pormenorizados, máis acordes coa contorna.

Lémbrese que o regulamento entende por usos non desexables aqueles permitidos pola ordenación detallada establecida no plan xeral pero que, no momento do desenvolvemento da mesma, non resulten aconsellables por ser susceptibles de xerar danos sobre o medio ambiente, supoñer un risco para a saúde pública, a seguridade ou o patrimonio histórico-artístico. Con fronte á Ricardo Mella os usos da contorna correspóndense con unha mestura de comercial e industrial/almacén de pequeno tamaño (tenda de artigos do fogar Todo & +, tenda de mobles de oficina Equipo, tenda de artigos de segunda man Mr. Ganga, concesionario de coches, Wavecore, Escola Infantil A Lúa, Gasoliñeira Repsol, tenda de subministracións marítimas, Valsum, provedor de materiais de construción, Ribersi), recoñécese que o uso exclusivo industrial nin se corresponde coa realidade, nin é un uso coherente coas características paisaxísticas da contorna, nin sexa un uso desexable ao 100% na actualidade.

3 TRÁMITE AMBIENTAL

O consello da Xerencia con data 2/06/2020 tomou coñecemento da solicitude da avaliación ambiental estratéxica simplificada: remisión do borrador e do documento ambiental estratéxico do PERI UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA de conformidade co disposto no artigo 75.3 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e a oabeiro do previsto no capítulo I, do Título II, sección 2ª da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

En data 26/10/2020 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sustentabilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, publica o anuncio polo que se fai público o informe ambiental estratéxico, DOG 10/11/2020, neste informe o órgano ambiental considera que o PERI non ten efectos significativos no medio ambiente, polo tanto resolve non sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, non obstante debera considerar na elaboración do plan especial as observacións e suxestións manifestadas no período de consultas, da Dirección Xeral de



Concello de Vigo

Ordenación do Territorio e Urbanismo, do Instituto de Estudos do Territorio, da Axencia Galega de Infraestruturas e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo expresa que compre xustificar de xeito expreso a totalidade das determinacións esixidas na LSG e no RLSG ,con cifras e números concretos, así como a necesidade de cumprir as Normas Técnicas de Planeamento de Galicia.

O Instituto de Estudos do Territorio expresa que o plan non ten unha forte incidencia toda vez que os usos previstos son coherentes coas características paisaxísticas da contorna e poden supoñer unha mellora na paisaxe urbana da zona. Lembra a necesidade de incorporar un Estudo da Paisaxe, ter en conta a visibilidade dende a VG-20 e adoptar medidas que favorezan a transición entre os usos industriais e terciarios e as zonas residenciais situadas o leste.

A Axencia Galega de Infraestruturas expresa a necesidade de recoller as afeccións acústicas da PO-325 e incluír limitacións de uso derivadas do ruído, limitacións a edificabilidade ou da obrigatoriedade dos medios de protección acústica en caso de superarse os limiares recomendados.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural conclúe que non hai afección ao patrimonio cultural no ámbito

4 DETERMINACIÓNS DOS PERIs

Os PERIs son instrumentos de desenvolvemento urbanístico para levar a cabo operacións de reforma interior ou renovación urbana, artigo 70 da LSG e 177 do RLSG, que se caracterizan pola especialidade do seu obxecto, natureza e finalidade, non poden substituír aos plans xerais na función de instrumento de ordenación integral do territorio, polo que non poden modificar a clasificación do solo, salvo nos supostos do artigo 65 da LSG e do 157 do RLSG.

O PE da UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA é un plan especial de reforma interior previsto no planeamento, o ámbito aparece definido graficamente nos planos de ordenación e se establecen as determinacións de ordenación xeral necesarias para a súa ordenación pormenorizada segundo o artigo 177.2

O contido dos Planes especiais de reforma interior están regulados no artigo 72.2 da LSG que especifica que conterán as determinacións adecuadas a súa finalidade, así os PE gozan dunha gran liberdade, como sería o caso de emprego de Ordenanzas diferentes, as contidas no PGOU-93, que mellor se adapten para o cumprimento da súa finalidade e obxecto.

Poden definir e implantar a cualificación dos terreos, as tipoloxías edificatorias, os niveis de intensidade, (alturas, retranqueos, ocupación, condicións de parcelamento...) que non son determinacións obxecto do artigo 52 nin do 54.2 da LSG sinalados no artigo 65 da LSG, como analízase no apartado seguinte.

5 DOCUMENTACIÓN DOS PERIs

No solo urbano consolidado incluírán alo menos, as determinacións e a documentación propia dos planes parciais regulados no artigo 69 da LSG e nos artigos 170 a 176 do RLSG.

O PERI da UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA achega a documentación sinalada na LSG e no RLSG e en canto as observacións sinaladas no informe da Arquitecta Xefa de Planeamento e Xestión de data 22/05/2022 xustifica expresamente o cumprimento da:

.-Lei 10/2014, de 3 de decembro, de Accesibilidade, do Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro , polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei e o Código de

accesibilidade e acóllese á Disposición Transitoria Única, Réxime de aplicación, da Orde TMA/851/2021 de 23 de xullo pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados, dimensións que materializaranse no proxecto de urbanización que desenvolva o plan especial.

.-O Estudo económico do artigo 175.4 contén a avaliación económica da implantación dos servizos e da execución das obras de urbanización, incluíndo a conexión aos sistemas xerais e, no seu caso, as obras de ampliación ou reforzo destes, na documentación ampliada da última entrega demostrase que o ámbito non ten cargas excesivas e a viabilidade queda garantida ao recaer o financiamento económico nos propietarios do ámbito, agrupados na xunta de compensación.

.-En canto a alteración de ámbito sinalada na zona sur e leste as diferenzas pódense corresponder coas obras de “humanización” levadas a cabo no camiño do Caramuxo entre os anos 2015-2016, dotándolle de beirarrúas e aparcadoiros, así aínda que semella na actualidade que hai un desprazamento do ámbito cara o sur é debido a proporcional franxa de cesión do ámbito como se pode ver na simple superposición da fotografía actual se a comparamos coa de 2014.



Ortofoto PNOA 2014



Ortofoto PNOA 2020 con beirarrúas e aparcadoiros

.-En canto alteración da aliñación sinalada, ésta é coincidente coa emitida na acta de liña e rasante con data 8/08/2017 expte. 16095/411 no que expresase “No lindeiro Sur será coincidente co bordo exterior da beirarrúa existente” e “Non invadirá ningún terreo público ou cesión” é dicir que a aliñación recolle a liña da acera executada polo concello e que é a respectada polo PERI.

6 CONDICIÓNES ESPECÍFICAS

O artigo 157 do RLSG establece as condicións que deben cumprir os planes que modifiquen a ordenación detallada o PERI da UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA achega xustificación suficiente destes artigos na Memoria Xeral, apartados 1.4, 1.5 e 1.6



Concello de Vigo

A) que supoñan una **mellora substancial** da ordenación e a articulación dos espazos libre e os volumes construídos, eliminación de usos non desexables o a incorporación de outros necesarios, resolución de problemas de mobilidade e outros fins análogos.

Ao longo do expediente e no trámite ambiental dedúcese de xeito obxectivo que o PERI mellora substancialmente a ordenación pola:

- introdución de usos coherentes coas características paisaxísticas da contorna (IET) en sintonía coas previsións da Revisión do PXOM, no que se propoñen tres ámbitos de uso global Industrial 60% e Terciario 40% e uso característico Industrial (PERIs 611,612 e 613)
- resolución de problemas de convivencia de tipoloxía e usos na zona, confluencia de usos industriais-terciarios, ao oeste, cunha área residencial de baixa densidade da Rúa Cañiza, ao leste, con medidas que favorecen a transición (IAE e Revisión do PXOM).
- mellora da paisaxe urbana da zona ao dotala dunha imaxe máis acabada e homoxénea (IET) remate da trama nun baleiro urbano de reducido ámbito territorial que actualmente presenta un considerable estado de deterioro ambiental (IAE) mellora dos servizos a poboación da zona residencial intensiva de Navia, nunha zona con boa conectividade e axeitada accesibilidade, tanto cara á VG-20 como á Avda da Florida.(IAE)
- compatibilidade coa lexislación sectorial: minimizando a incidencia significativa ante o risco derivado de inundación, no suroeste do ámbito, o ao retirar os usos lucrativos anteriores por a proposta de espazos libres e aparcadoiro (IAE)
- compatibilidade coa lexislación ambiental, non se producen efectos ambientais significativos derivados da nova ordenación (IAE)
- sen incidencia na dispoñibilidade de recursos hídricos ou na suficiencia de infraestruturas de servizo (empresa concesionaria e IAE)

B) que **non afecten nin alteren** as determinacións sinaladas nos artigos 52, 54.2, 55.2 y 56.1 da LSG e os 105.1, 119.2, 123.3 y 124.3, y 126.1 do RLSG

O Plan especial segundo o artigo 105.1 do RLSG non substitúe ao planeamento xeral na función de instrumento de ordenación integral do territorio, pero poden alterar certas determinacións do planeamento urbanístico xeral e establecer limitacións de uso que sexan necesarias para solucionar un problema concreto e alcanzar a finalidade que os xustifica, neste caso e a introdución dun uso compatible que non substitúe ao industrial que continua ser o característico e maioritario.

Sen afectar a:

- a) obxectivos xerais e criterios da ordenación do plan xeral compatibles coa normativa sectorial e ambiental
- b) clasificación do solo tipo e categoría
- c) división do solo urbano en distritos
- d) delimitación dos ámbitos de reforma interior
- e) determinación do sistema de actuación dos ámbitos de solo urbano no consolidado
- f) estrutura xeral e orgánica do territorio integrada polos sistemas xerais determinantes do desenvolvemento urbano, e en particular polos sistemas xerais de

comunicación, de espazos libres e zonas verdes públicas, de equipamento comunitario público e de servizos urbanos

g) análise da mobilidade, previsión de aparcamentos de titularidade públicas

h) catálogo de elementos que por sus valores naturais ou culturais deban ser conservados

i) delimitación de las áreas de reparto en solo urbano no consolidado.

j) carácter público o privado de las dotacións.

k) determinación de los prazos para a aprobación do planeamento

l) determinacións necesarias para que as construcións e instalacións cumpran as condicións de adaptación ao medio ambiente.

O PERI da UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA achega memoria xustificativa na que indica a non alteración dos obxectivos xerais e criterios da ordenación do plan xeral compatibles coa normativa sectorial e ambiental, nin a clasificación do solo, tipo e categoría, nin a división de distritos, nin o ámbito, nin os sistemas xerais de comunicación, de espazos libre e zonas verdes, de equipamento comunitario e de servizos urbanos, mellora a mobilidade, non existen elementos naturais ou culturais afectados, nin a delimitación das áreas de reparto, nin ao carácter público das dotacións, nin dos prazos para aprobación do planeamento, nin das normas de adaptación ao medio ambiente.

O Plan especial segundo o artigo 119.2 do RLSG conterá as determinacións seguintes:

a) delimitación do ámbito

b) determinación dos usos globais e da superficie total edificable

c) fixación das contías das reservas mínimas de solo de sistemas locais

d) previsión dos sistemas xerais necesarios para el desenvolvemento do plane especial

e) fixación das reservas de solo para vivenda protexida

O PERI da UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA contén a delimitación do ámbito a determinación dos usos globais e a superficie total edificable, ni a previsión dos sistemas xerais necesarios nin as reservas de solo de vivenda protexida, son o caso para este ámbito.

C) que no impliquen un incremento da superficie edificable total nin a modificación dos usos globais establecidos no plan xeral

O PERI da UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA non supera a edificabilidade máxima permitida de 28.676 m², nin modifica o uso global industrial que segue e ser o característico e maioritario co 51%, incorpora un novo uso comercial, xa compatible na ordenación anterior e recoñecido como desexable ou aconsellable no momento de executa o plan, que correspondese co 49% restante.

D) que non supoñan unha diminución, fraccionamento ou deterioro da capacidade de servizo ou funcionalidade dos espazos previstos para os sistemas locais de dotacións públicas.

O PERI da UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA parte dun único sistema local viario en fondo de saco e convertese en un viario pasante con rotonda intermedia que comunica a Travesía de Ricardo Mella co camiño do Caramuxo, aumentándose a superficie, a capacidade de servizo e a funcionalidade de dito sistema local.



Concello de Vigo

7 DOCUMENTACIÓN ADICIONAL DO PERI

Segundo o artigo 158 do RLSG os PERIs que modifiquen a ordenación detallada do plan ademais de cumprir o artigo 157 do RLSG deberán recoller dentro da súa documentación os seguintes extremos:

a) Memoria: 1) Xustificación detallada da modificación en relación co ámbito e as conexións cos sistemas xerais. 2) Xustificación de que a ordenación respecta o complementa e mellora as directrices da estratexia de evolución urbana e ocupación do territorio do plan xeral. 3) Análise comparativo, contrastando a mellora coa anterior e acreditando o cumprimento das condicións do artigo 157.

b) Planos: 1) Representación de la ordenación no su contexto espacial mais amplo. 2) Redelimitación do ámbito e dos lindeiros. 3) Plano superposto da nova ordenación e da prevista no plan que permita a valoración da mellora, o grado de coherencia, continuidade e conexión co modelo territorial definido polo planeamento.

c) Documento refundido: coas novas determinacións coas previas que queden en vigor.

O PERI da UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA achega no apartado 1.04.7 da Memoria Xustificativa e nos planos correspondentes parte da xustificación expresa deste artigo.

8 XUSTIFICACIÓN EXPRESA DAS DETERMINACIÓNS ESIXIDAS NA LSG E NO RLSG

O PERI da UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA achega unha Memoria Xustificativa na que se xustifican unha a unha a todas as determinacións esixidas. A comparativa realízase sobre as determinacións do PGOU-93, as ordenanzas establecen as edificabilidades máximas que non poderán ser superadas. A edificabilidade máxima Industrial é de 14.624,76m², correspondente ao 51% do total, e a edificabilidade máxima Terciaria é de 14.051,24m², o 49% restante.

A cesión do 10% do aproveitamento xa foi realizada no proxecto de compensación aprobado e o concello xa ten alleado dita parcela, nin na anterior ordenación, nin na ficha establecíanse reservas de solo para dotacións de espazos libres públicos nin de equipamentos e tampouco establécense na ordenación ao tratarse dun ámbito industrial-terciario. Establécense 287 prazas de aparcadoiro, das que 73 sitúanse nos viarios públicos e proxectase a plantación de 40 árbores.

9 FICHA RESUMO DA ORDENACIÓN

01 Superficies

| | |
|--|-----------------------|
| ▪ A superficie do ámbito inicial | 30.996 m ² |
| ▪ A superficie expropiada VG-20 | 2.320 m ² |
| ▪ A superficie do ámbito | 28.676 m ² |
| ▪ Sistemas Locais existentes Viario | 1.148 m ² |
| ▪ Superficie computable para o aproveitamento tipo | 27.528 m ² |
| Non se proxectan sistemas xerais | -- |
| Sistemas locais viario | 3.464 m ² |

02 Usos e intensidades

- Superficie total edificable 28.676 m²c
- Índice de edificabilidade bruta 1,33 m²c/m²s
- Uso característico: Industrial
- Altura máxima 3 Plantas, 15 m

(No obstante, a altura máxima poderá superarse por elementos singulares debidamente xustificadas)

03 Edificabilidades

- Uso Global característico: Industrial
- Outros usos globales: Terciario xeral
- Coeficiente homoxenización (Industrial) 1,00
- Coeficiente homoxenización (Terciario xeral) 1,21
- Aproveitamento Tipo (AT) 1,15 m²c/m²s.

04. Desenvolvemento e xestión

- Iniciativa de Formulación do planeamento: Privada
- Sistema de Actuación Compensación
- Prazo Proxecto Equidistribución e urbanización 2 anos (tras aprobación PERI)

05. Reservas mínimas para sistemas locais

- Por as características do ámbito, non se contemplan reservas mínimas para sistemas locais

06. Cargas urbanísticas específicas

- A xunta de compensación asumirá o custo das obras de urbanización da zona expropiada no Nordés do ámbito

na Avda. Ricardo Mella para executar este viario perimetral en conxunto co desenvolvemento do resto do ámbito.

07. Obxectivos de planeamento e criterios de ordenación.

- Completar a trama urbana existente para adecuala ao conxunto da cidade.
- Creación de solo para uso industrial, facendo compatible o desenvolvemento do ámbito co solo de uso de terciario.

10 DOCUMENTACIÓN NNTTPP

Como o PERI da UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA non ten acadado a aprobación inicial antes do 26/04/2022, segundo a Disposición transitoria única resultaralle de aplicación preceptiva a Orde de 8 de abril de 2022 pola que se modifica a Orde de 10 de outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia.

A documentación técnica achegada está composta por o cartafol raíz comprimido en soporte non editable 36057_PERI_202202_AI_01PDF.zip e cartafol raíz comprimido en soporte editable 36057_PERI_202202_AI_02EDIT e declaración responsable da coincidencia de soportes, Anexo 9 das



Concello de Vigo

NNTTPP, non se achegan as pegadas dixitais dos cartafoles comprimidos extensión .hexhash para a comprobar se as pegadas dixitais son coincidentes.

A estrutura de ambos os cartafoles e a seguinte segundo o Anexo 4, 01.MX, 02.PINF, 03.PORD, 04.NU, 05.CAT, 06.EE, 07.AAE, 08.MOD_ODPXOM nas que se inclúen a documentación escrita, as memorias, e a documentación gráfica, os planos. No cartafol editable inclúense os arquivos nos que se elaborou a memoria e os planos en formatos .docx e .mxd e tamén a fonte de datos vectorial, en formato shapefile .shp, e ráster, faltan campos o están mal nomeados nas táboas de atributos.

Deberase completar o contido da carpeta 08.MOD_ODPXOM Documentación adicional dos planes que modifiquen a ordenación detallada establecida no PXOM cunha Memoria xustificativa, plano de ordenación e documento refundido aínda que está demostrado que a proposta non supón un novo modelo territorial non é precisa a modificación do PXOU vixente, ata o viario tiña na ficha unha posición indicativa.

11 INTEGRACIÓN DAS MEDIDAS AMBIENTAIS ESTABLECIDAS NO INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

A técnica de medio ambiente da oficina de Planeamento e Xestión no seu informe de data 23/05/2022 sinala que se teñen achegados o “Estudo da paisaxe urbano” Anexo 4 da carpeta 01.MX, asinado conxuntamente con data 19/por Marta Gayoso Rodriguez, Enxeñeira de Montes, colexiada nº 59 e por Lía Bermúdez Búa licenciada en Bioloxía colexiada nº 20022-X, da empresa AMBIOTEC, Medio Ambiente e Arqueoloxía, lévase tamén a cabo o estudo e análise da visibilidade dende a estrada VG-20, que en cumprimento do artigo 7 da Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia , este plan deberá someterse, tras a súa aprobación inicial, a informe do órgano competente en materia de paisaxe (IET) e o “Estudo da afección acústica” Anexo 5 da carpeta 01.MX, asinado con data 3/03/2022 por Paulo César Ceballos, Licenciado en Ciencias Físicas colexiado nº 5149, da empresa AMBIOTEC, Medio Ambiente e Arqueoloxía.

O contido da carpeta 07.AEE está definido nas NNTTPP conforme a estrutura e codificación de carpetase arquivos do Anexo 4, teñen que corresponderse co DAE sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, cos arquivos dos planos das alternativas avaliadas e presentadas no antedito procedemento así como o informe ambiental estratéxico o resto de contidos como o resultado da integración das medidas ambientais, nin o Estudo da paisaxe, nin o establecemento de medidas, outra documentación gráfica, se trasladarán a sus respectivos apartados da memoria, informativa, xustificativa o normas urbanísticas, segundo proceda.

12 OBSERVACIÓNS NON SUBSTANCIAIS

É preciso facer algunha observación de carácter non substancial para a súa incorporación na próxima entrega:

NNTTPP: *pegadas dixitais dos cartafois comprimidos, a nominación e os campos das táboas de atributos, o contido das carpetas 07.AEE e 08.MOD_ODPXOM estarran adaptadas ao sinalado no Anexo 4.*

Itinerarios accesibles: *a situación do mobiliario urbano, o alumado público proposto, as sinais verticais, o mobiliario, os alcorques das árboles, as paradas do transporte público, os contedores do lixo non comprometerán as dimensións mínimas dos itinerarios accesibles das beirarrúas nin das prazas de aparcadoiro.*

Documentación técnica: plano da proposta da rede de alumado público, plano coa representación da ordenación nun contexto espacial máis amplo, indícase a rasante natural do terreo nas seccións que permitan analizar a rasante no interior das parcelas e o encontro coas parcelas adxacentes.(...)”.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO / VALORACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa examinada.

- Plan Básico autonómico de Galicia, Decreto 83/2018, do 26 de xullo,
- Plan de ordenación do litoral de Galicia, Decreto 20/2011 do 10 de febreiro, Directrices de ordenación do Territorio, Decreto 19/2011, do 10 de febreiro,
 - TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),
- LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),
- RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia), e as súas modificacións,
- L. 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación ambiental,
- L. 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia,
- L.8/2012, do 29 de xuño, de Vivenda de Galicia,
- L.10/2014, do 3 de decembro, de Accesibilidade,
- D. 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia,
- Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía da accesibilidade á enerxía eléctrica
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.
- Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións.
- Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia
- Lei 37/2015, do 29 de setembro, de Estradas.
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
- Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Lei de Rehabilitación e de rexeneración e renovación urbana- Lei 1/2019, do 22 de abril, e as súas modificacións,
- Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTT), aprobadas pola Orde do 10.10.2019 da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda (DOG 25.11.2019)
- Lei de protección da paisaxe de Galicia, Lei 7/2000, do 23 de marzo, e as súas modificacións,
- Decreto 96/2020, do 29 de maio polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe,
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices da paisaxe de Galicia.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito



Concello de Vigo

PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,

- O instrumento de ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 24.07.2019 , no expediente 16022/411,
- O resto de disposicións que puideran afectar,

II. Descrición do ámbito, obxectivos e natureza xurídica

Os terreos delimitados sitúanse na zona sudeste da cidade de Vigo, nun baleiro urbano emprazado ao norte da parroquia de San Andrés de Comesaña. Linda ao norte e Leste coa avenida Ricardo Mella, e ao Sur coa rúa Caramuxo e ao Oeste con solos urbanos de uso industrial, cunha superficie de 30.996 m², co obxecto de establecer a ordenación detallada e as determinacións urbanísticas para desenvolver usos terciarios e industriais, propondo que, a tramitación do PERI xustifícase na realidade actual do ámbito, circunstancias que alteraron as súas previsións, como a execución da VG-20 e o desenvolvemento do Barrio de Navia.

Desta forma na documentación presentada descríbese e xustifícase os obxectivos da Modificación proposta que consiste basicamente en, reordenar os volumes edificables tendo en conta a nova liña límite de edificación, aliñacións e a menor superficie das parcelas da unidade de execución, para resolver a afección que supuxo a execución da autovía VG-20; Modificar as condicións de parcelación, establecendo unha ordenación volumétrica que permita acoller usos comerciais ou industriais adaptados á contorna residencial do barrio de navia, ordenar a parte afectada da industria instalada na parte limítrofe polo suroeste; e variar as porcentaxes de usos establecidas na ordenanza, e alterar o trazado de viario interior do ámbito.

Deste xeito, e no que atinxe ao ámbito e aos obxectivos da presente Modificación, remitímonos integramente ao reflectido no antedito informe técnico do 22.06.2022, que se incorpora ao presente expediente e lle serve de motivación á presente proposta, de conformidade co pautado no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Neste senso, a súa natureza é a dun plan de desenvolvemento, dos relacionados nos artigos 70 e 72 da LSG e nos artigos 177, 178, e 180 a 182, así como o artigo 184 do seu Regulamento de desenvolvemento, coas finalidades, obxecto e documentación que neles se describen.

III. Exame da documentación técnica e cumprimento da normativa de aplicación.

O Presente instrumento de desenvolvemento, que neste intre se somete a aprobación inicial, consiste na documentación técnica presentada no Rexistro electrónico desta XMU con data do 08.03.2022 e COD.SOL W667567-3628 .

Sobre a suficiencia e conformidade da documentación *supra* relacionada e da ordenación proposta, informou con data do 22.06.2022 a arquitecta xefa da área de desenvolvemento urbanístico, con carácter favorable, indicando que a documentación esta completa, e procede a súa aprobación inicial.

Pola súa banda, e no que respecta aos aspectos económicos da presente modificación puntual, singularmente no referente a súa incidencia nas Facendas públicas, deberá ser informado polo Interventor municipal, para a súa consideración polo órgano competente na adopción do acordo que proceda.

IV. Formulación dos Plan Especial

No que respecta a súa formulación, o artigo 74 da LSG e no mesmo senso o artigo 185 do seu Regulamento de desenvolvemento, estipula que os plans especiais poderán ser formulados polos Concellos, pola administración autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo.

No caso dos planes formulados polos particulares, que é o suposto que nos ocupa, deberán cumprir o establecido nos artigos 159 e 160. Asemade, con anterioridade a súa tramitación, os servizos técnicos municipais e as empresas suministradoras e/ou distribuidoras deberán informar, no prazo máximo dun mes, sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos, de conformidade co pautado no artigo 162.g) do mesmo corpo legal. Transcorrido o dito prazo sen que se houbera emitido o informe, poderase continuar coa súa tramitación.

V. Procedemento de tramitación

O presente Plan Especial de Reforma interior da «*UE II-04 Industrial Santo André de Comesaña*» ten a natureza dun instrumento de planeamento de desenvolvemento previsto no PXOM/1993, poren a súa tramitación e aprobación axustarase as regras establecidas no artigo 75 da LSG e 186 do seu Regulamento de desenvolvemento, do xeito que segue:

- Aprobación inicial, polo órgano municipal competente e sometemento a información pública, como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Asemade notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable.
Por imperativo do artigo 25 do RDLex.7/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo estatal, a documentación que se exporá ao público incluírá un resumo executivo expresivo dos extremos que en dito artigo se definen; Asemade efectuarase a publicidade telemática do anuncio de sometemento a información pública na sede electrónica do Concello de Vigo
- Cando con posterioridade ao trámite de información pública, se pretenderan introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado abrirase un novo trámite de información pública.
- Os servizos xurídicos e técnicos municipais deberán emitir informe respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade do plan coa lexislación vixente.
- Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o órgano municipal competente procederá a súa aprobación definitiva.

O Plan definitivamente aprobado someterase ás esixencias de publicidade que dispón o artigo 82 da LSG en relación co artigo 87 e 88 do mesmo corpo legal, e 199 do seu Regulamento de desenvolvemento, á inscrición do instrumento no Rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, e ao que dispoña a tal efecto a lexislación de réxime local.

Dito instrumento de planeamento urbanístico será inmediatamente executivo trala a súa entrada en vigor, segundo o disposto no amentado artigo 82 da LSG.

VI. Aprobación inicial

A aprobación inicial ten un carácter de trámite unanimamente recoñecido pola doutrina e xurisprudencia, se ben esta é esencial, en canto inicia o procedemento e ademais, no senso de que a súa omisión, ou incluso incorrecto cumprimento, provocan un vicio determinante de anulabilidade do procedemento (artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas). A súa vez dito acto de



Concello de Vigo

aprobación inicial, implica unha toma de posición sequera de carácter inicial, respecto dunha determinada realidade urbanística e da súa normativa.

VII. Suspensión de licenzas

De conformidade co previsto no artigo 47.2 da LSG *o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso no que as novas determinacións do mesmo supuxeran a modificación da ordenación urbanística vixente. A estes efectos determinarase expresamente as áreas afectadas pola suspensión.* Dita suspensión terá unha duración máxima de dous anos a contar dende dita aprobación inicial, extinguíndose, en calquera caso, coa aprobación definitiva do planeamento, se ben unicamente afectará a aquelas licenzas que foran desconformes coa nova ordenación proxectada.

VIII. Órgano competente

A competencia para aprobar inicialmente o «*PERI UE II-04 Industrial de Santo André de Comesaña*» corresponde á Xunta de Goberno Local (art. 127.1.d] LRBRL), por proposta do Consello de Xerencia da XMU (art. 10º.1.b) dos Estatutos da XMU).

En consecuencia, visto o que antecede, e sen prexuízo do informe a emitir polo Interventor municipal, e de conformidade co informe técnico emitido pola Xefa da área de desenvolvemento urbanístico con data do 22.06.2022, que se incorporan ao expediente e ao texto da presente e lle serven de fundamentación consonte ao disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

Acordo:

PRIMEIRO: Prestar aprobación inicial ao «Plan especial da UE II-04 Industrial de Santo André de Comesaña», instrumento urbanístico de iniciativa particular promovido pola entidade “Global Fitness Sport, SL”, que inclúe a documentación técnica, inserida no rexistro electrónico desta Xerencia con data do 08.03.2022 e COD.SOL W667567-3628, achegada en soporte dixital, elaborada e asinada dixitalmente, con firma válida, polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo.

SEGUNDO: Someter a información pública o presente expediente, incluíndo o resumo executivo, polo prazo de dous (2) meses, mediante a publicación de anuncios no DOG, nun dos xornais de maior circulación da provincia, e na sede electrónica do Concello de Vigo, a efectos de que durante dito período poidan formularse alegacións e as suxestións pertinentes, computándose o remate do referido prazo de alegacións dende a data da publicación do anuncio no “Diario Oficial” de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaria xeral, con notificación individual ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados segundo relación catastral incorporada ao expediente.

Durante o referido prazo recadaranse os informes sectoriais que resulten preceptivos, de conformidade coa normativa urbanística e sectorial de aplicación.

Á vista do resultado dos trámites anteriores, resolverase sobre a procedencia de introducir no Documento de Modificación as rectificacións pertinentes cuxo alcance, determinará, no seu caso, a oportunidade e procedencia dun novo trámite de información pública e requirimento de informes, artigo 144.12 RLSG.

TERCEIRO: O presente acordo determina, por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do RLSG a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas no ámbito afectado no que resulte incompatible coa nova ordenación.

Non obstante, o órgano competente para resolver decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DE APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E SERVIZO DE MANTEMENTO DO SISTEMA DE XESTIÓN DE PRESENZA VISUAL TIME. EXPTE. 39066/220.

.- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DE EXCLUSIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA DA CONTRATACIÓN DE SERVIZO DE SOFTWARE EN MODALIDADE SAAS PARA “XESTIÓN INTEGRAL DE PARQUES“ PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE ADXUDICACIÓN DO MESMO. EXPTE. 6610/213.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

13(726).- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DE APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E



Concello de Vigo

SERVIZO DE MANTEMENTO DO SISTEMA DE XESTIÓN DE PRESENZA VISUAL TIME. EXPTE. 39066/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 31/08/2022, asinado polo xefe do Servizo de Admón. Electrónica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

En data 25/08/2022 a Xunta de Goberno local, con base no informe-proposta de data 19/08/2022, acordou aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto ordinario, do subministro e servizo do mantemento do sistema de xestión de presenza Visual Time.

O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), como se pode consultar no expediente é de data 03/06/2022.

Detectouse no informe e no acordo da XGL erro material na data do Prego de prescricións técnicas particulares, transcribíndose o 06/06/2022 cando debería constar 03/06/2022.

Proposta

En base o Artigo 109 da Lei 39/2015, 1 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ponponse á Xunta de Goberno local:

Rectificar o erro material no acordo da Xunta de Goberno local de data 25/08/2022, de aprobación do expediente de contratación do subministro e servizo de mantemento do sistema de xestión de presenza Visual Time, substituíndo a data 06/06/2022 do Prego de prescricións técnicas particulares obrante no acordo, por a data 03/06/2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(727).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DE EXCLUSIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA DA CONTRATACIÓN DE SERVIZO DE SOFTWARE EN MODALIDADE SAAS PARA “XESTIÓN INTEGRAL DE PARQUES“ PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE ADXUDICACIÓN DO MESMO. EXPTE. 6610/213.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 1/09/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico dun software, en modalidade de “Software as a service” (SAAS), para a xestión integral de parques para o Servizo Contra Incendios do Concello de Vigo (6.610-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 19 de maio de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación de servizo de software en modalidade SaaS para “xestión integral de parques” para a prestación do Servizo Contra Incendios, que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo de Bombeiros e o Xefe do Servizo de Informática en data 12 de abril de 2022.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Técnica de Administración Xeral de Contratación en data 4 de maio de 2022.



Concello de Vigo

3º.- Autorizar o gasto por importe de 63.696,00 euros, do que 11.054,68 euros corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606410002 " APLICACIONES INFORMÁTICAS XESTIÓN PARQUE" do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- En data 19 de maio de 2022 publicouse o anuncio de licitación na Plataforma de Contratación del Sector Público, na que se aloxa o perfil de contratante do Concello de Vigo. O prazo de presentación de ofertas comezou ao día seguinte e rematou o 3 de xuño. Durante o mesmo presentaron oferta os seguintes licitadores:

- CONSULTORÍA INFORMÁTICA Y TECNOLÓGICA DEL NOROESTE, S.L.
- EUROCOP SECURITY SYSTEMS , S.L.
- DRAGCLIC, S.L.

Terceiro.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 8 de xuño de 2022 procedeu a apertura e cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CONSULTORÍA INFORMÁTICA Y TECNOLÓGICA DEL NOROESTE, S.L.
 2. EUROCOP SECURITY SYSTEMS , S.L.
- b) Outorgar un prazo de tres días a DRAGCLIC, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá presentar o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC), debidamente cumprimentado e asinado, esixido nas cláusulas 8.4 e 14.1 do prego.

Cuarto.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 26 de xullo de 2022, acordou a exclusión de EUROCOP SECURITY SYSTEMS, S.L., do procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación de servizo de software en modalidade SaaS para "xestión integral de parques" para a prestación do Servizo Contra Incendios por non cumprir os requisitos, en canto a linguaxe de desenvolvemento, fixados no PPT, tal e como consta no informe de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, emitido polo Xefe de Administración Electrónica e o Xefe do Servizo de Bombeiros, de 19 de xullo de 2022.

Quinto.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de agosto de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da inadmisión de DRAGCLIC S.L, acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de xuño de 2022 por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos e da exclusión de EUROCOP SECURITY SYSTEMS, S.L. acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 26 de xullo de 2022, por non cumprir os requisitos, en canto a linguaxe de desenvolvemento, fixados no PPT.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico dun software, en modalidade de "Software as a service" (SAAS), para a xestión integral de parques para o Servizo Contraincendios do Concello de Vigo (6.610-213) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|--|-------------------------|
| 1 | CONSULTORÍA INFORMÁTICA Y TECNOLÓGICA DEL NOROESTE, S.L. | 84,00 |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSULTORÍA INFORMÁTICA Y TECNOLÓGICA DEL NOROESTE, S.L. (B-94115177), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSULTORÍA INFORMÁTICA Y TECNOLÓGICA DEL NOROESTE, S.L., o día 11 de agosto de 2022, que presenta a documentación requirida o 19 de agosto, dentro do prazo concedido.

Sexto.- En data 26 de agosto de 2022, D. Ramón Garcia Esteve, en nome e representación de EUROCOP SECURITY SYSTEMS, S.L., interpón recurso especial en materia de contratación (nº 143/2022) ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da CCAA de Galicia (en adiante TACGAL) contra a súa exclusión e a adxudicación do presente procedemento.

Sétimo.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de agosto de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

Oitavo.- En data 30 de agosto de 2022 o TACGAL, en Resolución Medida Cautelar nº 51/2022, acordou a medida cautelar de suspensión do procedemento de contratación.

Noveno.- En data 31 de agosto de 2022 o xefe de Administración electrónica emite informe sobre o presente recurso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Concello de Vigo

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación acordo da Mesa de Contratación do Concello de Vigo, adoptado na sesión do 26 de xullo de 2022, de exclusión de EURO COP SECURITY SYSTEMS, S.L., do procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación de servizo de software en modalidade SaaS para “xestión integral de parques” para a prestación do Servizo Contra Incendios por non cumprir os requisitos, en canto a linguaxe de desenvolvemento, fixados no PPT. O recorrente así mesmo recorre a adxudicación deste contrato, se ben a mesma aínda non foi acordada polo órgano de contratación.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.



Concello de Vigo

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargas a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación tanto do acordo de exclusión do recorrente como o de adxudicación son susceptibles de recurso especial en materia de contratación. No entanto, a adxudicación non foi acordada polo órgano de contratación, polo que tratase dun acto imposible de recorrer.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación

ad causam. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal as organizacións empresarias, como a recorrente, ostentan lexitimación activa para recurrir.

Neste caso é indubidable que o recorrente, na súa cualidade de licitador, posúe lexitimación activa. No entanto, é preciso realizar unha matización. Dado que neste recurso impúgnanse simultaneamente dous acordos, se o Tribunal desestimase o recurso contra a exclusión do recorrente, este carecería de lexitimación para a impugnación do acordo de adxudicación por canto os seus dereitos e intereses lexítimos non se verían afectados coa resolución do recurso. Se ben, como este acto, como temos dito, non se produzo é imposible a súa impugnación.

C) Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurese unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.



Concello de Vigo

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adjudicación o cómputo se iniciará a partir do día seguinte a aquel no que se tiña coñecemento da posible infracción (artigo 50.1.c).
- Cando se interpoña contra a adjudicación do contrato, o cómputo iniciárase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento (artigo 50.1.d).

O recurso foi interposto o 26 de agosto de 2022. A exclusión foi acordada pola Mesa de contratación do Concello de Vigo o 26 de xullo e o 27 foi publicada a acta da sesión na PLASP, máis aínda non foi notificada ao recorrente. O mesmo se dá por notificado en data 11 de agosto do mesmo ano, tal e como manifesta o licitador no seu escrito de recurso (alegación cuarta), data na que se publicou o acordo de clasificación deste procedemento na PLASP. O artigo 40.3 da LPAC establece con relación ás notificacións defectuosas que *“Las notificaciones que, conteniendo el texto íntegro del acto, omitiesen alguno de los demás requisitos previstos en el apartado anterior, surtirán efecto a partir de la fecha en que el interesado realice actuaciones que supongan el conocimiento del contenido y alcance de la resolución o acto objeto de la notificación, o interponga cualquier recurso que proceda”*. Por analoxía, no presente caso podemos considerar que o coñecemento do licitador do acordo de exclusión a través da publicación do acordo de clasificación equivale a súa notificación polo que o recurso foi interposto en prazo.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso con respecto a impugnación do acordo de exclusión. Con relación á impugnación do acordo de adjudicación non procede por canto este acto non se produzo. De momento no expediente so consta a proposta de adjudicación formulada pola Mesa de Contratación ao órgano de Contratación, en data 26 de agosto. E de terse aprobado, esta estaría condicionada á estimación do recurso con relación a súa exclusión. Citaremos ó respecto a doutrina dos tribunais administrativos especiais en materia de contratación pública. Por todas, a Resolución nº 685/2019 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, que no seu fundamento de dereito cuarto di que:

“ aunque se impugna la adjudicación, el motivo del recurso es la indebida exclusión de la oferta del recurrente. Asimismo, el acuerdo de exclusión, como se ha indicado en los antecedentes, ya fue objeto de recurso especial por el mismo recurrente, en concreto el recurso nº 482/2019, interpuesto el 22 de abril de 2019, antes del acuerdo de adjudicación, habiendo sido resuelto por este Tribunal en sentido estimatorio, lo que implica una pérdida sobrevenida de objeto del presente recurso. Esta circunstancia determina la inadmisión del presente recurso, y consiguiente archivo, al tratarse del mismo recurrente e interesados, del mismo procedimiento de licitación y lo que es más relevante, de idéntica causa de pedir. En el ámbito procesal civil, la pérdida del objeto procesal se configura como una causa de terminación del proceso en el art. 22.1 de la Ley de Enjuiciamiento Civil, según el cual: “Cuando, por circunstancias sobrevenidas a la demanda y a la reconvencción, dejare de haber interés legítimo en obtener la tutela judicial pretendida, porque se hayan satisfecho, fuera del proceso, las 5

pretensiones del actor y, en su caso, del demandado reconviniendo o por cualquier otra causa, se pondrá de manifiesto esta circunstancia y, si hubiere acuerdo de las partes, se decretará por el Letrado de la Administración de Justicia la terminación del proceso, sin que proceda condena en costas". En el presente caso cabe recordar que, la exclusión de un licitador en un procedimiento de contratación cuyos actos sean susceptibles de este recurso especial en materia de contratación, admite dos vías posibles, bien impugnando de forma autónoma el propio acuerdo de exclusión o bien impugnando el acuerdo de adjudicación, pero ambas vías son con carácter general subsidiarias, de forma que impugnando el acuerdo de exclusión no cabe simultanear la misma pretensión impugnando el acuerdo de adjudicación. En este sentido cabe citar el Acuerdo 89/2015, de 9 de septiembre de 2015, del Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón que con cita de otras Resoluciones de esta Tribunal Central, concluye: "En la práctica existen dos posibilidades de recurso; frente al acto de exclusión, como acto de trámite cualificado, y frente al acto de adjudicación. Pero ambas posibilidades, con carácter general, no son acumulativas, sino de carácter subsidiario, a fin de impedir una «doble acción»". Añadía el citado Tribunal que: "Tal y como este Tribunal ha recordado en los Acuerdos 3 y 4 de 2015, de 9 de enero, dos son las opciones que, en abstracto, se le presentan al órgano de contratación en un supuesto como el que se analiza. Bien notificar a todos los licitadores de manera simultánea (tanto al adjudicatario, como al resto de licitadores, admitidos y excluidos) la adjudicación; bien notificar con carácter previo la exclusión a aquellos para los que la misma pone fin al procedimiento de contratación. Esta última es la recomendada reiteradamente por este Tribunal administrativo".

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

EUROCOP SECURITY SYSTEMS, S.L., impugna a súa exclusión e a suposta adxudicación do contrato en base os seguintes motivos:

1. Exclusión antixurídica por basearse nunha causa de exclusión no prevista no PCAP (alegación terceira do escrito de recurso).
2. Error de apreciación técnica. Exclusión con efecto anticompetitivo incompatible co principio de eficiencia (alegación cuarta do escrito de recurso).

Analizaremos por separado cada unha destas alegacións:

1.- Exclusión antixurídica por basearse nunha causa de exclusión no prevista no PCAP (alegación terceira do escrito de recurso)

O recorrente considera que a súa exclusión deste procedemento é antixurídica por canto esta prodúcese porque *"incumpre os requisitos, en canto a linguaxe de desenvolvemento, fixados no PPT"*, e na súa opinión *"esta causa no se encuentra específicamente recogida en el PCAP junto con el resto de causas que serán consideradas causas de exclusión, y que se encuentran específica y expresamente indicadas en el PCAP, véase: Punto 6 - página 10; Punto 2 - página 23"*. E en apoio da súa tese reproduce



Concello de Vigo

un fragmento da Resolución nº 260/2021 del Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Madrid que determina que “(...) *se ha de señalar que los motivos de exclusión de los licitadores tienen que estar claramente recogidos en los pliegos que rigen la contratación o previstos en la LCSP*”. Afirmación que a informante subscribe e que, como veremos máis adiante, cumpre o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a presente licitación.

Comezaremos por analizar os preceptos do prego que sinala o recorrente que conculca o acordo de exclusión.

- O primeiro apartado dos citados polo recorrente “*Punto 6 - página 10*” do PCAP, non ten relación co obxecto deste recurso. Se abrimos o documento securizado do PCAP observamos que nesta páxina hai dous apartados 6:
 - O primeiro refírese o inicio da execución dos contratos declarados urxentes.
 - O segundo ao momento no que se teñen que reunirse os requisitos para ter aptitude para contratar.
- E o punto 2 da páxina 23 refírese a posibilidade de fixar nas FEC outros criterios para determinar cando as ofertas son anormalmente baixas.

Compre manifestar, ao fío da alegación do recorrente, que non é certo que a causa de exclusión alegada pola mesa para excluílo da presente licitación non se atope expresamente recollida no PCAP. Así, en efecto reproduciremos a continuación a cláusula do PCAP que a recolle:

“CLÁUSULA 14.- FORMA NA QUE DEBEN PRESENTARSE A DOCUMENTACIÓN E AS PROPOSICIÓNS

(...)

B) SOBRE B: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR

(...)

3.- A Mesa, en resolución motivada, excluírá da licitación as proposicións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- *A incorporación a este sobre de información relativa aos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC*
- *A falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 6.A da FEC*
- ***Que non se axuste ao disposto no prego de prescricións técnicas”***

Como se pode observar, o PCAP autoriza a Mesa de contratación para que en resolución motivada exclúa as proposicións nas que conorra a circunstancia de que non se axusten ao disposto no prego de prescricións técnicas. E a resolución da Mesa se apoia neste punto no informe de valoración dos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor, emitido polo Xefe de Administración Electrónica e o Xefe do Servizo de Bombeiros, de 19 de xullo de 2022, que dí ao respecto o seguinte:

“No punto 2.A do PPT establece que :

A aplicación debe estar desenvolta con tecnoloxía web e ser funcionais en calquera tipo de dispositivo con conexión a Internet (PC, Tablet, Smartphone).O núcleo da plataforma , estará desenvolto nunha linguaxe de programación interpretada, de tipado dinámico e deben ser plenamente compatibles cos

sistemas operativos e navegadores de uso habitual no Concello de Vigo (sistemas operativos Linux, Ubuntu, navegadores FireFox e Chrome).

A proposta polo licitador "EUROCOP SECURITY SYSTEMS SL" na páxina 190 no apartado 3.11 "Características Técnicas Sistemas ofertados" di:

"Marcando como objetivo la eficacia, flexibilidad, mejora constante de la calidad y, sobre todo, una mejor atención al ciudadano, nuestra oferta contempla la implantación de una solución compuesta por una plataforma con arquitectura SOA, que hace uso de tecnología J2EE."

J2EE é unha liguaxe de programación de tipado estática e fundamentalmente compilada incumprido por tanto a premisa de que a liguaxe de programación requirido para a aplicación obxecto do contrato debía ser " nunha liguaxe de programación interpretada, de tipado dinámico"

Polo tanto considerase que a proposta inclumple os requisitos , en canto a liguaxe de desenvolvemento, fixados no PPT" (páxina 9 in fine do informe securizado)

Procede, pois, á vista do exposto, propoñer ao Tribunal a desestimación desta primeira alegación do recorrente.

2.- Error de apreciación técnica. Exclusión con efecto anticompetitivo incompatible co principio de eficiencia (alegación cuarta do escrito de recurso)

Esta alegación comeza cunha relación cronolóxica dos fitos deste procedemento.

Con relación ao informe de valoración técnica dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor de data 19 de xullo de 2022, expón o recorrente que no mesmo se lle outorgan 37 puntos de 40 resultando a oferta mellor valorada. Máis o mesmo conclúe que esta incumpre un requisito técnico recollido no PPT. Este informe foi aceptado pola Mesa de Contratación na sesión de 26 de xullo, a cal acorda a exclusión do licitador polo citado incumprimento dos pregos. O día seguinte, o 27 foi publicada a acta da sesión na PLASP, máis aínda non foi notificada ao recorrente. O mesmo se dá por notificado en data 11 de agosto do mesmo ano, tal e como manifesta nesta alegación, data na que se publicou o acordo de clasificación deste procedemento na PLASP. A notificación non se produciu por canto tratase dun acto de trámite, e a mesma difírese ao momento da adxudicación, tal e como determina o artigo 151 LCSP:

"Artículo 151 Resolución y notificación de la adjudicación

1. La resolución de adjudicación deberá ser motivada y se notificará a los candidatos y licitadores, debiendo ser publicada en el perfil de contratante en el plazo de 15 días.

2. Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 1 del artículo 155, la notificación y la publicidad a que se refiere el apartado anterior deberán contener la información necesaria que permita a los interesados en el procedimiento de adjudicación interponer recurso suficientemente fundado contra la decisión de adjudicación, y entre ella en todo caso deberá figurar la siguiente:

a) En relación con los candidatos descartados, la exposición resumida de las razones por las que se haya desestimado su candidatura.

b) Con respecto a los licitadores excluidos del procedimiento de adjudicación, los motivos por los que no se haya admitido su oferta, incluidos, en los casos contemplados en el artículo 126, apartados 7 y 8, los motivos de la decisión de no



Concello de Vigo

equivalencia o de la decisión de que las obras, los suministros o los servicios no se ajustan a los requisitos de rendimiento o a las exigencias funcionales; y un desglose de las valoraciones asignadas a los distintos licitadores, incluyendo al adjudicatario.

c) En todo caso, el nombre del adjudicatario, las características y ventajas de la proposición del adjudicatario determinantes de que haya sido seleccionada la oferta de este con preferencia respecto de las que hayan presentado los restantes licitadores cuyas ofertas hayan sido admitidas; y, en su caso, el desarrollo de las negociaciones o el diálogo con los licitadores.

En la notificación se indicará el plazo en que debe procederse a la formalización del contrato conforme al apartado 3 del artículo 153 de la presente Ley”.

A continuación o recorrente alega cuestións técnicas relativas ao motivo de exclusión. Con respecto ás mesmas, o xefe de Administración electrónica, autor do informe de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula, en informe de data 1 de setembro de 2022 di o seguinte:

Con respecto as alegacións presentados polo interesado convén puntualizar que:

“1- Na memoria proposta que presenta o licitador, composta por 271 páxinas, a única referencia que se realiza a programación desenvolta con JavaScript, e a seguinte: Identificación y autorización: Los sistemas ofertados incorporan un sistema común para la identificación de usuarios en el acceso a las aplicaciones (insertando código Javascript en la página de login y dando de alta un filtro web) y la obtención de sus permisos y perfiles para su autorización. El perfil faculta para acceder a determinados procesos y datos y le impedirá el acceso a otros”.

Da redacción anterior dedúcese que a plataforma proposta unicamente emprega a linguaxe JavaScript na páxina de acceso dos usuarios distando moito isto de ser o “núcleo da plataforma” como se require no punto 2.A do PPT (O núcleo da plataforma, estará desenvolto nunha linguaxe de programación interpretada, de tipado dinámico e deben ser plenamente compatibles cos sistemas operativos e navegadores de uso habitual no Concello de Vigo). Por contra no apartado 3.11 onde describe as características técnicas da plataforma enumera entre as características da plataforma que posúe: “Arquitectura basada ferramentas de desarrollo abertos en “open source”, tipo Java, J2me, J2ee, Enterprise Edition”.

2- Java segundo o seu fabricante, non segundo a wikipedia, correspondese con unha linguaxe de programación compilada e estática. Na seguinte páxina pertencente ó fabricante da ferramenta (https://www.java.com/es/download/help/java_javascript.html) describíse as principais diferenzas entre Java e JavaScript:

Diferencias entre JavaScript y Java

- *El lenguaje de programación JavaScript, desarrollado por Netscape, Inc., no forma parte de la plataforma Java.*
- *JavaScript no crea applets ni aplicaciones independientes. En su forma más habitual, JavaScript está en documentos HTML y puede proporcionar niveles de interactividad en las páginas web que no se pueden conseguir con HTML simple.*
- *Diferencias clave entre Java y JavaScript*
- *Java es un lenguaje de programación OOP, mientras que Java Script es un lenguaje de scripts OOP.*
- *Java crea aplicaciones que se ejecutan en una máquina o explorador virtual, mientras que el código JavaScript sólo se ejecuta en un explorador.*
- *El código Java necesita compilación, mientras que el código JavaScript está en todo el texto.*

Por otra banda en esta otra páxina do fabricante queda constancia do caracter estático de java

(https://docs.oracle.com/cd/E57471_01/bigData.100/extensions_bdd/src/cext_transform_typing.html#:~:text=Java%20is%20statically%2Dtyped%2C%20so,this%20line%20is%20not%20required)



Dynamic typing vs. static typing

This topic is provided for reference only as it explains the differences between dynamic and static typing. Understanding the differences between dynamic and static typing is key to understanding the way in which transformation script errors are handled, and how it is different from the way Groovy handles errors. This will also help you interpret errors created by your transformation script.

Note: It is important to know that the Groovy implementation within Big Data Discovery enforces static typing. For information on exception handling in Transform, which uses a static parser overriding Groovy's dynamic typing behavior, see [Exception handling and troubleshooting your scripts](#).

There are two main differences between dynamic typing and static typing that you should be aware of when writing transformation scripts.

First, dynamically-typed languages perform type checking at runtime, while statically typed languages perform type checking at compile time. This means that scripts written in dynamically-typed languages (like Groovy) can compile even if they contain errors that will prevent the script from running properly (if at all). If a script written in a statically-typed language (such as Java) contains errors, it will fail to compile until the errors have been fixed.

Second, statically-typed languages require you to declare the data types of your variables before you use them, while dynamically-typed languages do not. Consider the two following code examples:

```
// Java example
```

```
int num;
```

```
num = 5;
```

```
// Groovy example
```

```
num = 5
```

Both examples do the same thing: create a variable called `num` and assign it the value 5. The difference lies in the first line of the Java example, `int num;`, which defines `num`'s data type as `int`. Java is statically-typed, so it expects its variables to be declared before they can be assigned values. Groovy is dynamically-typed and determines its variables' data types based on their values, so this line is not required.

Dynamically-typed languages are more flexible and can save you time and space when writing scripts. However, this can lead to issues at runtime. For example:

```
// Groovy example
```

```
number = 5
```

```
numbr = (number + 15) / 2 // note the typo
```

3- Tal e como describe o prego PPT no punto 2 os requisitos do sistema a contratar deben cumprir especificacións relacionados nas seccións:

- 2.A-*Características xerais da aplicación*
- 2.B-*Elementos de interconexión e garantía de continuidade do servizo*
- 2.C-*Descrición das funcionalidades dos sistemas*

Os tres apartados son igualmente importantes, en ningún sentido excesivos, e obrigatorios para acadar o obxectivo relativo a prestación do servizo obxecto do contrato. Aqueles aspectos ó que o licitador non fai referencia na súa oferta considerase aceptados por este na medida que este acepta cumprir as condicións do Prego de Prescipcións técnicas. En este senso, por exemplo, non se propuxo como materia de invalidación da oferta a total ausencia de elementos descritivos na súa oferta respecto o modelo de integración coas diversas aplicación de xestión municipal (2.B) como xa se puxo de manifesto no informe de valoración da oferta.

En este senso a oferta do licitador, incumpre o primeiro requisito do punto 2.A”

É preciso neste punto recordar que a valoración das ofertas correspóndelle á Mesa de Contratación, tal e como establece o artigo 146.2.b da LCSP:

“ la valoración de los criterios cuya cuantificación dependa de un juicio de valor, así como, en todo caso, la de los criterios evaluables mediante la utilización de fórmulas, se efectuará por la mesa de contratación, si interviene, o por los servicios dependientes del órgano de contratación en caso contrario, a cuyo efecto se podrán solicitar los informes técnicos que considere precisos de conformidad con lo previsto en el artículo 150.1 y 157.5 de la presente Ley”.

Esta é a razón pola que os técnicos valoraron as ofertas, con independencia de que concorrese unha causa de exclusión, por canto a potestade de excluír aos licitadores correspóndelle tamén a Mesa. En efecto, o artigo 22.1 do Real Decreto 817/2009, establece entre as funcións das mesas de contratación:

“b) Determinará los licitadores que deban ser excluidos del procedimiento por no acreditar el cumplimiento de los requisitos establecidos en el pliego de cláusulas administrativas particulares”.

Dado que na presente alegación se discute o contido dun informe que valora criterios de adxudicación avaliados mediante xuízo de valor, é preciso traer a colación neste punto a doutrina dos órganos consultivos e a xurisprudencia, que determina que á hora de valorar cuestións técnicas os funcionarios gozan dun certo nivel de **discrecionalidade técnica**, sempre e cando respecten os principios de legalidade, imparcialidade e interdicción da arbitrariedade que debe rexer a súa actuación administrativa por imperativo do artigo 103 da Constitución española. E os actos non regrados, nos que a Administración, e en consecuencia, os seus funcionarios, exercen potestades discrecionais, como acontece cos citados informes técnicos, que deben ter como obxectivo último satisfacer o interese xeral. Este criterio responde a unha xurisprudencia consolidada, recollida tamén na doutrina dos tribunais administrativos especiais en materia de contratación pública. Nesta liña, o TACRC admite este criterio, na Resolución nº 42/2011, ditada no Recurso nº 27/2011 ao dicir que *“La Administración dispone de un cierto nivel de discrecionalidad en la apreciación de las cuestiones de carácter técnico que no son controlables desde el*



Concello de Vigo

punto de vista jurídico. Ello no significa que en los temas de carácter técnico la Administración pueda apreciarlos libremente, pero sí que el control de legalidad no puede ir más allá de determinar si en la apreciación y valoración de tales extremos se ha actuado sin discriminación entre los licitadores de tal forma que los criterios de valoración aplicados a unos no hayan sido diferentes de los aplicados a otros, que no se haya incurrido en error patente en la apreciación de las características técnicas valoradas y que, finalmente, no se haya producido ninguna infracción legal en el cumplimiento de los requisitos y trámites del procedimiento de valoración. Este criterio, por otra parte, responde a una Jurisprudencia sobradamente reiterada y consolidada. O en la resolución 42/2013 “En este sentido debe apuntarse que, de conformidad con la jurisprudencia de el Tribunal Supremo, y como ha tenido ocasión este Tribunal en distintas Resoluciones de señalar, sólo en aquellos casos en que la valoración efectuada por la Mesa de contratación deriva del error, la arbitrariedad o el defecto procedimental cabría entrar en su revisión, sin que se trate, a la hora de apreciar la posible existencia de error en la valoración, de realizar un análisis profundo de las argumentaciones técnicas aducidas por las partes sino más exactamente y tal como la jurisprudencia ha puesto de manifiesto, de valorar si en la aplicación de el criterio de adjudicación se ha producido un error material lo de hecho que resulte patente de tal forma que pueda ser apreciado sin necesidad de efectuar razonamientos complejos” (Resolución de este Tribunal núm. 93/2012).

Nesta mesma liña, a RTACRC nº 1213/2020, de 3 de novembro de 2020, determina que:

“Antes de entrar en el estudio de las cuestiones de fondo planteadas, resulta indispensable recordar que es doctrina reiterada de este Tribunal la relativa a las limitaciones de control de los juicios técnicos que se emiten en la valoración de criterios no evaluables mediante fórmula, por traslación de la doctrina jurisprudencial del Tribunal Supremo sobre la denominada discrecionalidad técnica de los órganos de contratación. Esta cuestión ha sido también abordada en reiteradas resoluciones de este Tribunal. Así, por ejemplo, en la reciente resolución 155/2019, se decía:

“Por otra parte, no podemos olvidar que lo que se pretende por parte de la recurrente es revisar la valoración de unos criterios amparados por la discrecionalidad técnica y sólo revisables en casos excepcionales de arbitrariedad, desviación de poder, ausencia de justificación o error material, tal y como resulta por todas, de la Resolución de este Tribunal número 1037/2017, que a su vez cita la resolución 456/2015 en que se exponía: (...). Básicamente los elementos de juicio a considerar para establecer la puntuación que procede asignar por tales criterios a cada proposición descansan sobre cuestiones de carácter técnico. Por ello, hemos declarado reiteradamente la plena aplicación a tales casos de la doctrina sostenida por nuestro Tribunal Supremo con respecto de la denominada discrecionalidad técnica de la Administración. Ello supone que tratándose de cuestiones que se evalúan aplicando criterios estrictamente técnicos, el Tribunal no puede corregirlos aplicando criterios jurídicos. No se quiere decir con ello, sin embargo, que el resultado de estas valoraciones no pueda ser objeto de análisis por parte de este Tribunal, sino que este análisis debe quedar limitado de forma exclusiva a los aspectos formales de la valoración, tales como las normas de competencia o de procedimiento, a que en la valoración no se hayan aplicado criterios de arbitrariedad o discriminatorios, o que finalmente no se haya incurrido en error material al efectuarla. Fuera de estos aspectos, el Tribunal debe respetar los resultados de dicha valoración. En relación con los informes técnicos en que se funda la evaluación de dichos criterios dependientes de un juicio de valor, este Tribunal ha sentado la doctrina de que los

mismos están dotados de una presunción de acierto y veracidad por la cualificación técnica de quienes los emiten y sólo cabe frente a ellos una prueba suficiente de que son manifiestamente erróneos o se han dictado en clara discriminación de los licitadores”.

Asimismo, entre otras, en la Resolución 28/2015, de 14 de enero de 2015, nos pronunciamos en los siguientes términos:

“ el Tribunal viene reconociendo la discrecionalidad técnica de la Administración en orden a la valoración de las ofertas, de forma que, si la actuación del órgano de contratación se ajusta a los límites de ésta, el Tribunal no podrá entrar a revisar la decisión administrativa. En relación con los límites de la discrecionalidad técnica en la Resolución 184/2014, de 7 de marzo se reproduce la doctrina siguiente: “El Tribunal entiende que el reproche planteado por la recurrente entra en el ámbito de la discrecionalidad técnica de la que goza la Administración contratante. Sobre este punto el Tribunal ha tenido la oportunidad de pronunciarse en múltiples ocasiones. En la Resolución 128/2014, de 14 de febrero, el Tribunal volvió a reproducir la doctrina acerca de la discrecionalidad técnica de la Administración. En la apreciación de los criterios valorables mediante fórmula este Tribunal ha de limitarse a comprobar si se han seguido los trámites procedimentales y de competencia, analizar si se ha incurrido en error material y si se han aplicado formulaciones arbitrarias o discriminatorias. En la Resolución 176/2011, de 29 de junio, se consideró que, a este tipo de criterios, les es de aplicación la jurisprudencia del Tribunal Supremo respecto de la denominada “discrecionalidad técnica” de la Administración. En este mismo sentido, la Resolución 189/2012 señalaba que la valoración de las ofertas de los licitadores en aquellos aspectos dependientes de juicios de valor por parte de la Mesa de contratación, constituye una manifestación particular de la denominada “discrecionalidad técnica” de la Administración, debiendo aplicarse la doctrina jurisprudencial elaborada, con carácter general, en relación con la posibilidad de revisión jurisdiccional de los actos administrativos dictados en ejercicio de las potestades discrecionales y, en particular, en relación con la actuación de las Mesas de contratación al valorar criterios subjetivos o dependientes de juicios de valor. Por su parte, la resolución 159/2012 señalaba que “sólo en aquellos casos en que la valoración deriva del error, la arbitrariedad o el defecto procedimental caber entrar, no tanto en su revisión, cuanto en su anulación -seguida de una orden de práctica de una nueva valoración de conformidad con los términos de la resolución que la acuerde-, a lo que se añade que, para apreciar la posible existencia de error en la valoración no se trata de realizar “un análisis profundo de las argumentaciones técnicas aducidas por las partes sino más exactamente y tal como la jurisprudencia ha puesto de manifiesto, de valorar si en la aplicación del criterio de adjudicación se ha producido un error material o de hecho que resulte patente de tal forma que pueda ser apreciado sin necesidad de efectuar razonamientos complejos” (Resolución de este Tribunal núm.93/2012).” Conviene recordar también la jurisprudencia, tantas veces referida por nuestras resoluciones, contenida en la Sentencia del TJUE de 24 de noviembre de 2008, Asunto Alexandroupulis, según la cual: “una entidad adjudicadora, en su competencia de valoración de ofertas en un procedimiento de licitación, no puede fijar a posteriori coeficientes de ponderación, ni aplicar reglas de ponderación o subcriterios relativos a los criterios de adjudicación establecidos en el pliego de condiciones o en el anuncio de licitación, sin que se hayan puesto previamente en conocimiento de los licitadores”.



Concello de Vigo

Partiendo de la doctrina expuesta, el informe técnico de valoración -cuya valoración impugna el recurrente- goza de presunción de acierto y veracidad, quedando limitada la revisión por parte de este Tribunal a comprobar si es posible afirmar que la valoración efectuada por el técnico incurre en un error material manifiesto e inequívoco como sostiene el recurrente, o si se trata de meras discrepancias con los criterios del informe”.

Ao fío desta doutrina, a xuízo da informante, non consta acreditado que os técnicos municipais, á hora de valorar as ofertas teñan incorrido en error, arbitrariedade ou nun defecto procedimental. Presentado o recurso, o técnico que valorou as ofertas, procedeu a revisar as mesmas ao fío das alegacións do recorrente e chegou a mesma conclusión, que procede a exclusión do recorrente. Así, á vista do argumentado, procede, pois, propoñer ao Tribunal a desestimación desta alegación.

-VI-

Conclusiones

Recapitulando, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso con respecto a impugnación do acordo de exclusión. Con relación á impugnación do acordo de adxudicación non procede por canto aínda non foi acordado polo órgano de contratación.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo de exclusión da recorrente e de adxudicación, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento. Solicitada esta medida polo recorrente, foi acordada polo Tribunal en resolución de 30 de agosto. Esta Administración está conforme coa mesma.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propon á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(728).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez